**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**
**Sesión do 1 de xuño de 2009**

| **ASISTENTES:** | **NON ASISTEN:** |
|---|---|
| **Membros :** | |
| D. Abel Caballero Álvarez | D. Eudosio Álvarez Álvarez |
| Dª Isaura Abelairas Rodríguez | |
| D. Francisco Xabier Alonso Pérez | |
| D. Xulio Calviño Rodríguez | |
| D. Santiago Domínguez Olveira | |
| D. Carlos López Font | |
| Dª Mª Xosé Méndez Piñeiro | |
| D. Santos Héctor Rodríguez Díaz | |
| D. José Manuel Mariño Mendoza | |
| **Invitados:** | |
| Dª María Jesús Lago Rey | Dª Raquel Díaz Vázquez |
| Dª Laura López Atrio | Dª Iolanda Veloso Ríos |
| D. Angel Rivas González | |
| D. Xesús López Carreira | |

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco mintuos do día un de xuño de dous mil nove e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral acctal., Sr. Suárez Sánchez, titular da Asesoría Xurídica, Sr. González Yebra-Pimentel..

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(733).- ACTA ANTERIOR.** Apróbase a acta da sesión ordinaria do 18 de maio e das extraordinarias e urxentes do 19 e 21 de maio de 2009. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde–presidente.

**2(734).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E CAIXANOVA PARA A VEDA DE ENTRADAS DOS ESPECTÁCULOS DO BICENTENARIO DA CIDADE QUE SE CELEBRARÁ NO CENTRO CULTURAL CAIXANOVA. EXPTE. 5633/101.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 11.05.09, o informe do tesoureiro municipal, do 20.05.09, e de acordo co informe-proposta do técnico de Admón. Xeral e xefe de Protocolo e Relacións Públicas, do 4.05.09, conformado pola concelleira-delegada de Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o texto do convenio que de seguido se transcribe, a establecer entre este Excmo. Concello e Caixanova para prestación do servizo de venda de entradas, correspondente as celebración do Bicentenario: ópera (Compendio sucinto de la Revolución Española de D. Ramón Garay Alvarez) e catro concerto a interpretar por "El Concierto Español y la Real Cámara".

*CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE ESTE EXCMO. CONCELLO DE VIGO E CAIXANOVA*

*Na cidade de Vigo, a de de dous mil nove*

*REUNIDOS*

*Dunha parte Abel Caballero Álvarez, maior de idade, con N.I.F: 33178679Y en nome e representación do Concello de Vigo , na súa calidade de ALCALDE , facultado para este acto en virtude do seu cargo, con C.I.F: P3605700H e domicilio social en Praza do Rei S/N*

*E doutra, D. Guillermo Brea Vila, maior de idade, Subdirector Xeral de Caixanova con C.I.F.: G-36600369 e domicilio en García Barbón nº1, 36201 Vigo, Pontevedra*

*Recoñecéndose mutuamente plena capacidade de obrar e obrigarse, así como a plena vixencia da representación que ostentan*

*MANIFESTAN*

*Que estando no ánimo do Área Sociocultural de Caixanova prestar o servizo social de achegamento da Cultura ao publico en xeral e no do Concello optimizar o servizo de venda de entradas para facilitar o acceso dos espectadores ao recinto onde organizan espectáculos, ambas as partes acordan os termos da colaboración da entidade CAIXANOVA co Concello de Vigo na venda de entradas para os espectáculos que no presente convenio se especifican, con arranxo as seguintes*

*ESTIPULACIÓNS*

*PRIMEIRA.- O obxecto do presente convenio e fixar os termos da colaboración da entidade CAIXANOVA co Concello de Vigo para a venda de entradas para os espectáculos que se describen a continuación, organizados polo Concello, a través dos procedementos operativos do SVE-Caixanova (Servicio de Vendas de Entradas de Caixanova) que se describen a continuación*

*Datos do espectáculo facilitados polo Concello ao SVE-Caixanova:*

*TITULO DA OBRA: "La Grande Chapelle"*
*LUGAR: Teatro-Sala de Concertos do Centro Cultural Caixanova*
*DATA: 19 de maio de 2009*
*HORA: 20.30 horas*

*PREZOS:*
*BUTACA: 10 €*
*ANFITEATRO 1º: 10 €*
*ANFIRTEATRO 2º: 10 €*
*ANFITEATRO 3º:10 €*

*TITULO DA OBRA: "El Concierto Español" y "La Real Cámara"*
*LUGAR: Teatro-Sala de Concertos do Centro Cultural Caixanova*
*DATA: 8, 9, 16 y 17 de xuño de 2009*
*HORA: 21.00 horas*

*PREZOS:*
*BUTACA: 10 €*
*ANFITEATRO 1º: 10 €*
*ANFIRTEATRO 2º: 10 €*
*ANFITEATRO 3º: 10 €*

*A venda de localidades realizaráse a través dos seguintes procedementos:*

*a) Venda de entradas mediante servizo telefónico: posibilitando, a través dos teléfonos 986 11 05 00 e 902 504 500 e da páxina web www.caixanova.es, a adquisición de localidades para o espectáculo desde o propio domicilio do espectador, con cargo a contas de Caixanova ou ben a tarxeta Euro6000, Visa Crédito, Mastercard ou 4B de calquera entidade financeira, mediante o uso do Servizo Telefónico de Venda de Localidades Caixanova.*

*b) Venda de entradas no despacho de billetes do Centro Cultural Caixanova: o SVE-Caixanova confeccionará as entradas das localidades non vendidas polos procedementos descritos nos apartados anteriores, e poraas á venda no despacho de billetes ou despachos de billetes habilitados o día da representación do espectáculo.*

*SEGUNDA.- Este convenio comezará a rexir desde o día da súa firma e a súa vixencia estará comprendida entre o día de inicio da venda, fixado para o vindeiro día 11 de Maio ata a data no que o SVE-Caixanova realice a última liquidación das vendas e o pago ao Concello de Vigo unha vez concluído o espectáculo.*

*TERCEIRA.- Os ingresos que se realicen pola venda de entradas dos espectáculos que se programen ingresaránse diariamente na conta especial de recadación de Caixanova utilizada a estes efectos, nesta mesma conta ingresaránse os ingresos xerados o mesmo día da actuación no recinto onde se realice o espectáculo. Neste último caso xunto ao ingreso acompañásese unha folla de despacho de billetes que reflicta o desglose das vendas realizadas.*

*CUARTA.- O medio de pago que se admitirá para a venda de entradas no procedemento (a), será mediante cargo en contas de Caixanova ou ben mediante o uso das tarxetas de débito e crédito anteriormente mencionadas. Establécese unha comisión do 3,00% + IVE a descontar da venda sobre o total das entradas vendidas nos procedementos descritos na Estipulación Primeira, cun mínimo estipulado de 300,00 euros + IVE.*

*Cobraráse comisión de devolución do 1% se o espectáculo é suspendido ou cancelado por calquera circunstancia. Para esta continxencia, a devolución do importe por parte de Caixanova aos espectadores queda condicionada ao previo abono polo Concello de Vigo das cantidades precisas a este efecto.*

*Todas as comisións nomeadas nesta oferta económica son independentes das que en cada momento Caixanova teña aprobadas polo Banco de España para repercutir aos seus clientes pola utilización dos servizos de venda de localidades.*

*QUINTA.- Caixanova asume a xestión do pago dos dereitos de autor xerados neste espectáculo por conta do Concello de Vigo. Aos efectos, unha vez realizada a folla de despacho de billetes coa recadación bruta do espectáculo (venda anticipada máis venda o mesmo día da actuación), remitiráse unha copia a SGAE para que proceda á súa liquidación.*

*SEXTA.- O pago da comisión sobre vendas, realizaráse detraendo o importe da mesma da recadación obtida polos procedementos descritos na estipulación primeira.*

*A liquidación do importe neto da recadación será a resultante de restar ao importe bruto da mesma, (xa incluído o IVE), a comisión sobre vendas e os dereitos de autor*

*Dito importe abonaráse na conta que o Concello de Vigo designou para ese efecto, unha vez expedida a correspondente factura:*

*Entidade: CAIXANOVA*
*Beneficiario: CONCELLO DE VIGO*
*C.C.C 2080 0000 71 0040070137*

*Aos efectos establecidos en parágrafos anteriores, as partes ateránse ao seguinte procedemento:*

*- á primeira hora da mañá do día do concerto, SVE-Caixanova entregará no despacho de billetes do recinto, o taquillaxe que non vendese ata o día anterior, xunto coa correspondente folla de despacho de billetes.*

*- Ao día seguinte ao da celebración do concerto, ingresarase ao SVE-Caixanova a recadación obtida, en calquera oficina da entidade, entregando, asismesmo, o taquillaxe sobrante, a folla de despacho de billetes realizado e o comprobante do ingreso realizado.*

*- Dentro das 48 horas seguintes á conclusión do espectáculo o SVE-Caixanova aboará o importe da liquidación que corresponda ao Concello de Vigo.*

*SÉTIMA.- O SVE-Caixanova remitirá a petición do Concello de Vigo, todos os informes relativos ao estado das vendas a unha data determinada ou ao fin do espectáculo, talles como informes de facturación, de situación de aforamentos, de operacións, etc.*

*OITAVA.- Caixanova, como encargada do tratamento de datos, comprométese a cumprir a legalidade vixente en canto a datos de carácter persoal refírese.*

*NOVENA.- SVE-Caixanova achegará todo o software e o hardware para poder realizar a venda de localidades por teléfono e internet. Igualmente coidará de que o número de liñas telefónicas e equipos de servizo sexan suficientes para atender todas as chamadas. O servizo telefónico de venda de localidades estará dispoñible de 9 a 20 horas durante todo o período de venda, exceptuando domingos e festivos, e en internet as 24 horas do día desde as 9 horas, do día fixado como comezo da venda.*

*Caixanova non responderá as incidencias que poidan repercutir negativamente na venda de entradas e que sexan debidas a causas alleas á súa vontade talles como caída do servidor da internet, problemas telefónicos ou calquera outras de forza maior, quedando exonerada de calquera reponsabilidade por danos e prexuízos debidos a estas circunstancias.*

*DÉCIMA.- Todos os gastos ocasionados pola elaboración dos tickets das entradas, polo deseño dos aforamentos dos recintos, polo mantemento do programa e outros gastos do servizo serán por conta do Área Sociocultural de Caixanova.*

*UNDÉCIMA.- O formato das entradas terá como soporte o papel exclusivo que o Área Sociocultural de Caixanova ten deseñado para este tipo de actividade.*

*Para conseguir unha maior afluencia de espectadores, o Concello de Vigo incluirá nos carteis publicitarios, así como en calquera outro folleto de divulgación dos seus espectáculo, toda a información relativa ao sistema de venda de entradas, incluíndo nos mesmos o logotipo de Caixanova e o número de teléfono e páxina web do SVE-Caixanova.*

*DUODÉCIMA.- Dado que Caixanova non organiza, patrocina, nin promove os espectáculos, sendo a súa única función a de facilitar a venda das entradas, páctase expresamente que dita Entidade queda exonerada de todo tipo de responsabilidade que puidese derivarse con motivo da celebración de devanditos espectáculos, calquera que fose a causa, que será asumida integramente polo promotor ou organizador dos mesmos*

*As cuestións litixiosas xurdidas que puidesen derivarse do presente convenio quedan sometidas á xurisdición dos xulgados e tribunais da cidade de Vigo*

**3(735).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS EL OLIVO DA FESTA DO MEXILLÓN 2009. EXPTE. 3105/335.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 12.05.09, o informe de fiscalización do 26.05.09, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Animación Sociocultural, do 30.04.09, conformado polo concelleiro-delegado de Animación Sociocultural, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de convenio, que se achega no expediente, entre o Concello de Vigo e a Federación de Peñas recreativas “El Olivo” para a coorganización da “XIV FESTA DO MEXILLÓN”.

2º.- Facultar ó concelleiro de Animación sociocultural para asinar o convenio.

3º.- Autorizar un gasto por importe de 14.000,00 euros, en concepto do estipulado no convenio, que se aboará á Federación de Peñas recreativas “El Olivo” (CIF G-36.704.666), con cargo á partida presupostaria 4512.489.0005 (Convenio Federación Peñas recreativas El Olivo – Festa Mexillón) do programa presupostario de Animación sociocultural para o exercicio 2009.

CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DA FESTA DO MEXILLÓN 2009.

*Na Casa do Concello de Vigo, a ____ de _____ de dous mil nove*

*REUNIDOS*

*Dunha parte, don Xesús López Carreira, na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 5 de xullo de 2007, sobre delegación de atribucións no Tenente Alcalde e demais Delegados de Área.*

*Doutra, don Balbino Moreira Vállez, como presidente da Federación de Peñas recreativas “El Olivo”, CIF nº G-36.704.666 e enderezo social na praza dos Galegos Ilustres de Vigo, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 3105/335.*

*Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio*

*MANIFESTAN*

*I.- Que a Federación de Peñas recreativas El Olivo ten por fins, entre outros, o fomento e estimulación da cultura, a organización e desenvolvemento de eventos recreativos e o apoio ás iniciativas desenvolvidas en prol do engrandecemento de Vigo. Deste modo, esta entidade vén organizando nos últimos anos a “Festa do Mexillón”, no parque de Castrelos, con grande éxito organizativo e aceptación entre os cidadáns, estando en condicións de organizar a presente edición.*

*II.- Que o Concello de Vigo está a organizar o programa de actividades e espectáculos das “Festas de Verán 2009”, que se desenvolve nos meses de xullo e agosto na cidade de Vigo, co obxecto de potenciar a oferta cultural que lle achega á cidadanía; neste sentido existe un grande interese en apoiar as festas gastronómicas de enxalzamento de produtos da nosa ría, como son o polbo, a sardiña e o mexillón, así como os nosos folclore e cultura populares. De igual maneira, o Concello está interesado en achegarlle á cidadanía unha oferta cultural diversificada e popular que albergue o maior número posíbel de actividades, dirixidas a todos os sectores culturais.*

*III. Que dende o ano 1996 se asinaron diversos convenios de colaboración entre ambas as entidades para desenvolver actividades socioculturais, e os resultados acadados foron moi satisfactorios para ambas as partes.*

*IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, aprobado por acordo plenario de 22 de decembro de 2008, na partida 4512.489.0005, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 14.000,00 (catorce mil) euros, a favor da Federación de Peñas recreativas El Olivo.*

*V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é a organización da Festa do Mexillón 2009 no parque de Castrelos o día 19 de xullo.*

*VI.- Que a entidade Federación de Peñas recreativas El Olivo non está incursa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 3105/335.*

*Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e cultural que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade Federación de Peñas recreativas El Olivo, o Concello de Vigo e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito cultural e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.*

*PACTOS*

*Primeiro.- A Federación de Peñas recreativas "El Olivo" comprométese a colaborar coa Concellería de Cultura e Animación sociocultural do Concello de Vigo en canto a organización da Festa do Mexillón 2009, que terá lugar no parque de Castrelos, e concretamente a:*

> *1º.- Asumir todo o concernente á organización da "XIV FESTA DO MEXILLÓN", achegando toda a infraestrutura e equipo humano necesarios para tal fin, así como cumprir o programa presentado.*
>
> *2º.- Asumir todos os gastos que se deriven deste convenio, agás os que especifiquen como responsabilidade do Concello.*
>
> *3º.- Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización desta actividade.*
>
> *4º.- Comezar as actividades do programa á hora anunciada ó público e comprobar coa antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamento, para realizar as correccións técnicas que resulten necesarias.*
>
> *5º.- Xestionar e aboar a cantidade que corresponda polos dereitos de autor que se xeren pola programación que figura nesta expediente.*
>
> *6º.-Distribuír o material publicitario editado con motivo das festas, entregado polo Concello.*

*En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.*

*Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:*

*1º.- Colaborar coa organización da festa en xestións como a presenza da Policía Local e Protección Civil, para o seu bo desenvolvemento.*

*2º.- Achegar un total de cincocentos carteis con motivo da festa, que entregará á entidade beneficiaria para a súa distribución, cunha antelación mínima de dez días..*

*3º.- Incluír esta actividade na campaña de publicidade que o Concello realice con motivo do programa das "Festas de Vigo 2009".*

*4º.- Conceder directamente á Federación de Peñas recreativas El Olivo, unha subvención por importe de 14.000,00 (catorce mil) euros co obxecto de coadxuvar ó financiamento da organización da Festa do Mexillón 2009.*

*O Concello non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.*

*Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.*

*A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.*

*En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.*

*Cuarto.- O pagamento da cantidade recollida no pacto segundo deste convenio realizarase efectuarase por transferencia bancaria conta corrente número 2080.0020.16.0040023628, da entidade bancaria CAIXANOVA, da que é titular a entidade beneficiaria, tras a xustificación das axudas.*

*Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .*

*A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.*

*Sexto.- A beneficiaria poderá subcontratar con terceiros ata un 100 % do importe da actividade subvencionada.*

*Non poderán ser subcontratistas as persoas ou entidades a que se refire o apartado 7 do artigo 27 da Lei de Galicia 9/2007.*

*Sétimo.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a incorporación do logotipo da Concellería de Cultura e Animación Sociocultural e da imaxe corporativa do evento en todos os soportes publicitarios que edite.*

*Oitavo.- Segundo o artigo 15.2.a da Lei de Galicia 9/2007, non será necesaria a publicación da presente subvención.*

*Noveno.- A beneficiaria, no prazo de quince días a contar desde o remate da actividade subvencionada deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar:*

*a) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación dos actos celebrados, datos de participación, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.*

*b) Memoria económica xustificativa do custo final das actividades realizadas, que incorporará:*

*- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.*

*- Relación clasificada dos gastos totais da actividade, con identificación do acredor, número de factura, CIF/NIF, concepto facturado e importe.*

*- Facturas e demais documentos orixinais de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, polo importe subvencionado. Os ditos documentos, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE; estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención. Se a beneficiaria solicitase a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.*

*- Relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.*

*Décimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei de Galicia 9/2007.*

*Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no exercicio económico do convenio.*

*A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 30.000 € por execución de obra ou 12.000 € no caso de subministracións ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.*

*Décimo segundo.- A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a súa axeitada xustificación serán comprobados polos servizos da Concellería de Animación Sociocultural. O xefe do servizo de Animación Sociocultural*

*emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.*

*Décimo terceiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Animación Sociocultural e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

*Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.*

*Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.*

*Décimo quinto.- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego, e terá que ser revisada polo Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Vigo. En toda a información figurarán os logotipos da Concellería de Cultura e Animación sociocultural, da Tenencia de Alcaldía e da entidade beneficiaria, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa da Concellería de Animación sociocultural do Concello de Vigo e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.*

*Décimo sexto.- O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese en base ás memorias e informes que presenten as entidades asinantes e á presenza do persoal técnico da Concellaría de Animación Sociocultural nos actos programados.*

*Décimo sétimo.- O presente convenio terá vixencia anual a contar dende a data da súa sinatura.*

*De non existir denuncia expresa previa do mesmo no prazo do mes anterior á súa finalización, poderase prorrogar a vixencia por períodos anuais naturais, previa solicitude de prórroga da entidade, no cal se recollerán as novas accións a desenvolver, así como as posíbeis actualizacións das contías económicas que se achegan.*

*En todo caso, a vixencia do convenio non excederá do prazo máximo de catro anos.*

*Décimo oitavo.- O concelleiro de Animación Sociocultural queda facultado para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento.*

*Décimo noveno.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.*

*Vixésimo.- A beneficiaria está informada de que que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e*

*comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.*

*Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Animación Sociocultural.*

*A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Animación Sociocultural do Concello de Vigo.*

*Vixésimo primeiro.- A actividade obxecto deste convenio está destinada ó público en xeral, e o acceso á mesma será público e gratuíto; o número de asistentes limitarase á capacidade do lugar onde se celebre. De todos os xeitos, as actividades, servizos ou produtos ofertados alí poderán traer consigo unha achega económica por parte dos usuarios (billetes, entradas, etc.).*

*Por este motivo, a entidade beneficiaria proporá ó Concello os prezos para cada unha das actividades, servizos ou produtos, para obter a conformidade da concellería de Animación sociocultural. A entidade deberá expor durante a celebración da actividade, nun lugar perfectamente visíbel, o listado de prezos de venda ó público.*

*A tal fin, establecerase un sistema de control de ingresos procedentes do goce ou uso das distintas actividades, que poderán ser billetes ou xustificantes de ingresos, nos que deberán figurar os conceptos e importes, e que estarán numerados correlativamente. A entidade proporalle ó Concello os modelos de billetes ou xustificantes, e tamén o seu número, para obter a correspondente conformidade.*

*Vixésimo segundo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, _________________ de 2009.*

**4(736).- PROXECTO DE MODELO DE CONTRATO PARA OS CONCERTOS DE PROMOCIÓN PRIVADA INCLUÍDOS NAS FESTAS DE VERÁN 2009. EXPTE. 3111/335.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 26.05.09, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Animación Sociocultural, do 28.04.09, conformado polo concelleiro-delegado de Animación Sociocultural, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de modelo de contrato para a contratación dos espectáculos e actividades programados polo servizo de Animación sociocultural.

2º.- Facultar ó concelleiro da Área de Cultura e Animación sociocultural a asinar todos os contratos dos espectáculos de música, teatro e danza que se inclúan no programa das Festas de Verán.

*CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA CONCERTOS DE PROMOCIÓN PRIVADA*

*Concerto de:*

*Data:*

*Recinto: Peirao de Transatlánticos*

*Localidade: Vigo*

*Vigo, a ........ de ................ de dous mil ....*

*REUNIDOS*

*Dunha parte D. ..................................................., CONCELLEIRO DE CULTURA E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL e como representante do CONCELLO DE VIGO, CIF P-3605700-H, con enderezo social en Vigo, praza do Rei s/n, que no presente convenio denominarase O CONCELLO.*

*Doutra parte D/Dna.......................................…… (apoderado/a, administrador/a único/a…) e que actúa en nome da empresa denominada ......................................................................................... CIF ................................, e con enderezo ..................................................... da cidade de ....................., CP .................... ; no sucesivo O PROMOTOR.*

*Ambas as partes, na representación que ostentan, recoñécense capacidade xurídica suficiente para levar a cabo o presente convenio, e a tal fin*

*MANIFESTAN*

*1ª No contexto da programación cultural da Semana Grande das Festas de Verán, a celebrar en Vigo do 3 ao 14 de agosto, o Concello dispón da cesión de uso e autorización da Autoridade Portuaria da Cidade de Vigo para a celebración no peirao de Transatlánticos de diversos concertos musicais de programación propia e outros de promoción privada.*

*2ª O promotor ostenta os dereitos exclusivos para a realización do concerto de...................., e desexa celebrar un concerto deste o día............. no lugar do Peirao de Transatlánticos.*

*3º.- Que as partes están interesadas en colaborar para a celebración do concerto no día indicado anteriormente.*

*E chegando a un acordo sobre as condicións do presente convenio, formalízano con suxeición as seguintes*

*CLÁUSULAS*

*Primeira.- OBXECTO DO CONTRATO*

*1.- O PROMOTOR, en colaboración co CONCELLO, levará a cabo no..............., a celebración do concerto de........, e mais do grupo teloneiro ............ o próximo día ........... do presente ano ás ........ horas.*

*Segunda.- XESTIÓN E RECADACIÓN DA VENTA DE LOCALIDADES E BARRAS*

*1.- O concerto celebrado polo PROMOTOR será de pago, correspondendo a este a xestión e recadación directa da venda de localidades e todos os ingresos xerados pola mesma, asumindo as cantidades que reporten a favor de SGAE e o IVE*

*Non obstante, o anterior, o CONCELLO ten dereito, unha vez descontados os gastos de IVE e SGAE, á recadación obtida entre ............. ademais do 30 % da recadación a partir de ............. .*

*2.- O PROMOTOR será o concesionario único da explotación dos servizos de hostalería no recinto pudendo traspasar dita concesión a terceiros.*

*3.- O PROMOTOR fixa os seguintes prezos das localidades do concerto:*

> *venda expres ....... €;*
>
> *venda da entrada anticipada ........... €,*
>
> *venda en taquilla o mesmo día do concerto ...... €.*

*4.- A venda de localidades realizarase a través do sistema que o CONCELLO ten contratado con Caixanova, para a prestación do servizo de confección e distribución de entradas, polo que O PROMOTOR acepta as condicións de venda da devandita entidade que son as seguintes:*

> *4.1.- Da recadación obtida pola venda anticipada de entradas a través das súas canles, Caixanova transferirá á SGAE a parte proporcional que corresponda polo dereitos de autor a reportar.*
>
> *4.2.- Unha vez descontado o importe ao que se refire o punto anterior, e, no seu caso, a parte correspondente ao CONCELLO, a cantidade restante será transferida por Caixanova á conta do PROMOTOR.*
>
> *4.3.- O CONCELLO facilitará ao PROMOTOR o acceso, a través do ordenador da taquilla, ao sistema informático para ter información completa sobre a venda de entradas.*

*Terceira: PUBLICIDADE*

*1.- O PROMOTOR comprométese co CONCELLO a inserir o seu logotipo, como colaborador da celebración do concerto, na entrada e demais elementos gráficos promocionais que o Artista elabore para publicitar o evento de referencia. O CONCELLO resérvase o dereito de validar previamente a presenza da súa imaxe institucional, polo cal o PROMOTOR presentará previamente os bosquexos deste material antes da súa edición.*

*2.- O CONCELLO igualmente incluirá o evento de referencia en todas as comunicacións e soportes gráficos editados con motivo da campaña de difusión e promoción das Festas de Verán.*

*Cuarta.- SEGURIDADE*

*1.- O CONCELLO garante que ten unha póliza de seguros que cobre a responsabilidade civil xeral derivada dos seus actos.*

*2.- O PROMOTOR será responsable dos posibles danos que se orixinen a terceiros, así como os que se poidan causar ao Concello e á Autoridade Portuaria, ás súas instalacións ou persoal dependente, durante o desenvolvemento das actividades obxecto deste contrato. O promotor deberá concertar e presentar previamente una póliza de seguros de responsabilidade civil e danos con cobertura*

*abonda para os posibles danos que se poidan ocasionar no recinto así como danos ao persoal do Promotor e espectadores, durante o día de montaxe, desmonte e celebración do concerto.*

*3.- O PROMOTOR, no prazo de 60 días antes do concerto, obrigase a subministrar ao CONCELLO e á Autoridade Portuaria un plan Plan de emerxencias e evacuación do recinto.*

*Quinta.- OUTRAS OBRIGAS E COMPROMISOS DO PROMOTOR*

*1.- O PROMOTOR asumirá a remuneración e indemnización dos artistas e técnicos propios do espectáculo, e declara estar ao corrente no pagamento das súas responsabilidades sociais e fiscais.*

*2.- O PROMOTOR asume o compromiso de que todo o persoal que traballe os días de montaxe, desmonte e celebración do concerto está dado de alta na Seguridade Social.*

*3.- O PROMOTOR, antes da celebración do concerto, estará ao corrente dos permisos, autorizacións e taxas, se procede, da Sociedade Xeral de Autores e Editores para o concerto obxecto do presente contrato.*

*4.- O PROMOTOR, no prazo de 15 días antes do concerto, porá a disposición do Concello 10 pases Vip e 200 invitacións para convite e atencións protocolarias institucionais.*

*5.- O PROMOTOR subministrará ao Concello, no prazo de 30 días antes do concerto, un plan de traballo e toda a información técnica do concerto a celebrar.*

*6.- O PROMOTOR comprométese a aceptar as normas e demais criterios técnicos de produción, seguridade e hixiene laboral que ten estabelecidos no recinto. O Concello declina toda a responsabilidade por posibles accidentes ou calquera outra causa que poida sufrir ou acontecer ao persoal do PROMOTOR.*

*Sexta.- OUTRAS OBRIGAS E COMPROMISOS DO CONCELLO*

*1.- O Concello convocará a presenza no evento dos servizos Policía Local, Cruz Vermella e Protección Civil precisos, para o aforo definitivo do recinto. Persoal, ambulancias, servizos de campaña, etc...*

*2.- O Concello como colaborador do evento porá a disposición do Promotor na data sinalada, un recinto para concertos habilitado no Peirao de Transatlánticos de Vigo para programación das Festas de Verán Vigo de 200..,*

*3.- Correrán por conta do Concello os gastos que se deriven da utilización de servizos de empresas contratadas por este que prestan asistencia técnica no recinto, asumindo así a seguinte "Produción Local" do evento de referencia:*

*Entrega dun recinto con capacidade mínima de 8.000 usuarios, limpo, libre de obstáculos e sen cargas:*

> *<u>Instalación eléctrica e consumo eléctrico</u>: dúas tomas de corrente independentes, nun cadro interruptor con diferencial e todas as proteccións regulamentarias; 3 fases (380voltios), neutro e toma de terra (tomas embornadas), para unha potencia de 48.000 w para son e 150.000 watios para luz. As instalacións eléctricas axustaranse necesariamente ás normativas vixentes e a empresa deberá acreditalo mediante a documentación correspondente. Durante todo este período contarase así mesmo un oficial electricista cualificado para a instalación e control das acometidas, no horario de concertos e montaxe e desmonte, así como noutro horario que sexa requirido.*

*Escenario:* subministración dunha plataforma para escenario homologado, coas seguintes características:

- *Dimensións: 18 m de fronte, 14 m de fondo e unha altura máxima dende o chan de 1,80 m, con dúas alas de 6 x 6 mts. (no primeiro oco, sen planchada).*
- *Características: firme, plano e libre de todo material ou obstáculo, que cumpra as normas de seguridade vixentes.*
- *Cuberto, cunha altura mínima homoxénea en toda a superficie, de 14,00 mts dende a planchada ao teito.*
- *Capacidade de carga: 500 kg/m2.*
- *Dúas escaleiras en sitio a convir.*
- *Dúas alas PA: de 2,57 x 2,07 x 12 mts., con IPN de 16 e capacidade de carga de 3,000 kg.*
- *Reforzo de alas: 2 estruturas de 2,57 x 2,07 x 6 mts. detrás das alas de son.*
- *Dúas estruturas para vídeo, de 8 mts de altura, a 6,30 mts.*
- *Torre Mixer cuberto para son, a 30 mts. de escenario, cunha plataforma de 4 x 3 x 0,20 mts.*
- *Torre Mixer cuberta para luces, detrás da plataforma de son, plataforma de 4 x 3 x 1 mts.*
- *Torre Canóns cuberta tras Foh luces, plataforma de 4 x2 x 3 mts.*
- *Valla anti-avalancha no fronte do escenario e alas de son.*
- *Quitamedos de seguridade no perímetro do escenario, menos no fronte.*
- *Rampa de carga.*
- *Faldón suficiente para cubrir o fronte de escenario.*
- *16 puntais para reforzo de escenario para patas de support.*
- *Plataforma para minusválidos de 8x3x0,75 mts. con rampla e protexida con varanda.*
- *30 mts. Lineais de pasacables desde torre mixer a escenario.*

- *Dous Camerinos: Alquimódulos de 6 mts, amoblados e aire acondicionado.*
- *Unha Oficina de produción: Alquimódulo de 4 mts, mesas e cadeiras, con aire acondicionado.*
- *18 WC químicos con limpeza: 6 para zona backstage, 10 para público, 2 para minusválidos*
- *50 vallas baixas de seguridade.*
- *100 vallas altas, con pé de formigón control do perímetro peirao.*
- *Maquinaria: Un toro de 2.500 kg. con desprazador lateral durante todo o montaxe.*
- *Persoal de produción:*

*- 1 responsable xefe de produción.*

*- 1 responsable xefe de seguridade.*

*- 1 stage manager.*

*- 1 oficial electricista.*

*- 12 persoas para carga de descarga para os equipos de son e iluminación e escenario.*

*- 1 runner con furgoneta.*

*- 4 persoal de seguridade backstage e mixer e camerinos.*

*- 6 persoal de seguridade antipánico.*

*- 6 auxiliares de organización control acceso público.*

*- 1 vixiantes de seguridade de 1,00 a 8,00 horas.*

*- 1 condutores de toro.*

*-.1 persoal de limpeza de camaríns e backstage.*

*Sétima: DISPOSICIÓNS XERAIS.*

*1.- Ambas as dúas partes manifestan que á sinatura do presente convenio de colaboración non se achan obrigadas por outro convenio ou contrato que puidese ser impedimento para a execución deste.*

*2.- Este convenio non leva consigo ningún tipo de relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre o CONCELLO e os profesionais que vaian desenvolver as actividades a que se refire o mesmo, sen que proceda esixir do Concello responsabilidade ningunha, directa ou subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no seu desenvolvemento.*

*3- Todos os anexos, fichas técnicas ou calquera outro documento asinado polas partes que poidan producirse para un mellor cumprimento do acordado consideraranse parte do presente convenio.*

*4.- Serán causas de resolución do convenio: a incapacidade ou a extinción da personalidade xurídica do promotor ou do artista, a declaración de concurso ou insolvencia do promotor, o mutuo acordo entre o Concello e o promotor e o incumprimento das obrigas previstas neste convenio.*

*O incumprimento das obrigas deste convenio por causa de forza maior non dará lugar a indemnización pola parte incumpridora. Noutro caso, a responsábel do incumprimento indemnizará a outra polos danos e perdas ocasionados.*

*5.- O presente convenio de colaboración rexerase polas súas estipulacións, aplicándose os principios da Lei de contratos do sector públicos para resolver as dúbidas ou lagoas que puideran presentarse.*

*6.- Ambas as dúas partes sométense ao Foro Territorial de Vigo para a resolución de calquera controversia que poida xurdir na interpretación ou execución do presente convenio.*

*E para a debida constancia de todo o convido, asínase o presente contrato, en duplicado exemplar e a un só efecto, en Vigo na data indicada no encabezamento.*

**5(737).- PROXECTO DE CONVENIO COA ASOCIACIÓN CULTURAL INTERFOLC, CONVOCATORIA E BASES DO XV FESTIFAL FOLCLÓRICO INTERNACIONAL. EXPTE. 3094/335.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 7.05.09, o informe de fiscalización do 20.05.09, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Animación Sociocultural, do 2.04.09, conformado polo concelleiro-delegado de Animación Sociocultural, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o Convenio de colaboración, que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a Asociación Cultural Interfolc para a organización do XV Festival folclórico internacional.

2º.- Aprobar as Bases de participación ó XV Festival folclórico internacional e a súa Convocatoria correspondente ó presente ano.

3º.- Facultar ó concelleiro de Animación sociocultural para asinar o convenio.

4º.- Autorizar un gasto por importe de 71.000,00 euros, en concepto do estipulado no convenio, que se aboará á Asociación Cultural Interfolc (CIF G-36.892.271), con cargo á partida presupostaria 4512.489.0007 (Convenio Festival folclórico internacional) do programa presupostario de Animación sociocultural para o exercicio 2009.

5º.- Que o primeiro pagamento (35.500,00 euros) se realice a través da conta de habilitación ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL (2080.0000.77.0040277241).

*CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DO "FESTIVAL FOLCLÓRICO INTERNACIONAL"*

*Na Casa do Concello de Vigo, a ___ de ____________ de dous mil nove*

*REUNIDOS*

*Dunha parte, don Xesús López Carreira, na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 5 de xullo de 2007, sobre delegación de atribucións no Tenente Alcalde e demais Delegados de Área.*

*Doutra, don Emilio Sotelino Domarco, como presidente da Asociación Cultural Interfolc, CIF nº G-36.892.271 e enderezo social en Vigo, na rúa Tomás A. Alonso 29 - 5º esq, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente nº 3094/335.*

*Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio*

*MANIFESTAN*

*I.- Que a entidade Asociación Cultural Interfolc ten entre outros fins, segundo os seus estatutos, os de: difundir o folclore; defender e conservar a difusión da danza autóctona de Galicia; organizar festivais;*

*propagar o nome de Galicia a través das súas danzas e música; o estudo, investigación e arquivo de datos folclórico-culturais.*

*II.- Que o Concello de Vigo vén levando a cabo dende hai anos unha importante labor para potenciar, difundir e apoiar o folclore entre toda a cidadanía, especialmente nos distintos barrios do termo municipal, achegando as tradicións e as culturas doutros países e do resto de comunidades autónomas.*

*III.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, aprobado por acordo plenario de 22 de decembro de 2008, na partida 4512.489.0007, prevé a concesión dunha subvención por importe de 71.000,00 euros, para o convenio de organización do Festival folclórico internacional. Na devandita actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, xa que se trata dun festival de grande arraigo na cidade e que conta cunha ampla tradición na promoción do folclore e cultura propios, formando parte do programa de festas desta cidade. A súa organización en todas as edicións anteriores vén estando a cargo da referida entidade. Estas circunstancias impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa.*

*IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente, os intervenientes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é a programación, organización e execución do FESTIVAL FOLCLÓRICO INTERNACIONAL, que se desenvolverá entre os días 5 e 10 de agosto, ambos inclusive, por cinco barrios da cidade.*

*V.- Que a Asociación Cultural Interfolc non está incursa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente nº 3094/335.*

*VI.- Que o Concello de Vigo e a ASOCIACIÓN CULTURAL INTERFOLC veñen asinando dende o ano 1995, e de forma ininterrompida, convenios de colaboración para desenvolver este festival folclórico, e os resultados acadados foron moi satisfactorios para ambas as partes.*

*VII.- Que as bases de participación no festival maila convocatoria do exercicio 2009 figuran como anexo ó presente convenio, para seren aprobadas xunto a el.*

*Que en base ás precedentes consideracións e ao interese (social, deportivo, cultural etc.) que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da Asociación Cultural Interfolc, o Concello de Vigo e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito cultural e a concesión da referida subvención en base aos seguintes*

*PACTOS*

*Primeiro.- A Asociación Cultural Interfolc comprométese a colaborar coa Concellería de Animación Sociocultural do Concello de Vigo en canto á programación, organización e execución do FESTIVAL FOLCLÓRICO INTERNACIONAL e, concretamente, a:*

*1. Elaborar o programa do Festival Folclórico Internacional, e seleccionar os catro grupos folclóricos participantes nel, previa conformidade do persoal técnico da Concellaría de Animación Sociocultural. O acto central do festival incorporará como mínimo as seguintes agrupacións por ámbito territorial:*

- *4 grupos galegos, seleccionados da seguinte forma:*

    - *3 serán á proposta da organización;*

    - *1 será o gañador da edición anterior das Xornadas de Danza e Música tradicionais galegas. No caso de que este non fose da cidade de Vigo, invitarase tamén 1 grupo local dos que tivesen participado na final das devanditas xornadas.*

- *1 grupo do resto do estado español;*

- *2 grupos de carácter internacional;*

*Así mesmo, haberá un grupo do resto do estado ou de carácter internacional para a animación de rúa.*

*2. Coordinar a relación cos barrios participantes no festival.*

*3. Coordinar todo o referente á organización xeral do festival en cada un dos barrios.*

*4. Participar activamente na organización, realización e execución do festival.*

*5. Velar para que cada barrio beneficiario do festival cumpra os requisitos recollidos nas bases de participación, que figuran no anexo deste convenio, e comunicar de inmediato calquera incidencia ó respecto ó persoal técnico da Concellaría de Animación Sociocultural.*

*6. Xestionar directamente todo o referente ós grupos folclóricos participantes no festival.*

*7. Contratar os elementos de megafonía e luces necesarios para o desenvolvemento do festival, nos barrios e parroquias participantes.*

*8. Cumprir o programa obxecto deste convenio segundo o proxecto que figura no anexo.*

*9. Comezar as actividades do programa á hora anunciada ó público, comprobar coa antelación suficiente O correcto funcionamento das instalacións e equipamentos, con cadeiras, para realizar as correccións técnicas que resulten necesarias para o bo desenvolvemento do festival.*

*10. Asumir todos os gastos e xestionar os pertinentes pagamentos que se deriven da programación, realización e execución do programa do festival e deste convenio, incluídos os referentes ós dereitos de autor, seguros de responsabilidade civil e calquera outros necesarios para o seu bo desenvolvemento.*

*11. Presentarlle á Concellaría de Animación Sociocultural a memoria do programa de actividades e memoria económica conforme o estipulado no pacto noveno.*

*12. Deberán obter todos os permisos e autorizacións necesarias para a realización dos espectáculos incluídos neste convenio.*

*13. Asumir un seguro de accidentes para os integrantes dos catro grupos folclóricos que participen no festival, e que figuran no anexo deste convenio.*

*14. Organizar os actos centrais da recepción oficial ós grupos participantes no festival, que terá lugar na data e lugar estabelecidos na convocatoria.*

*15. Adquisición e entrega de agasallos os grupos participantes.*

*16. Cumprir as bases de participación no Festival.*

*17. Calquera outra necesaria para o bo desenvolvemento do festival folclórico.*

*En xeral, cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.*

*Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:*

*1. Xestionar a presenza dos servizos de Protección Civil e Policía Local nos distintos barrios participantes no festival.*

*2. Editar o material gráfico correspondente ó festival (carteis, programas de man e invitacións para o acto central), así como os elementos de material promocional (camisetas, pins). Calquera actuación publicitaria complementaria con cargo ó orzamento deste convenio deberá contar coa conformidade previa do persoal técnico da Concellaría de Animación Sociocultural.*

*3. Xestionar a reserva da residencia para o aloxamento dos grupos folclóricos participantes no festival.*

*4. Xestionar a reserva das instalacións para o acto central.*

*5.- Contratar a produción técnica necesaria para o desenvolvemento do acto central e do acto de clausura.*

*6.- Conceder directamente á Asociación Cultural Interfolc, unha subvención para a edición 2009 por importe de 71.000,00 euros, co obxecto de coadxuvar ó financiamento da programación, organización e execución do Festival Folclórico Internacional. Para edicións posteriores, as achegas do Concello de Vigo subordinaranse á existencia de crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos.*

*O CONCELLO non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.*

*Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.*

*A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.*

*En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.*

*Cuarto.- O pagamento da cantidade estipulada na cláusula segunda deste convenio farase segundo o seguinte detalle:*

*1. Un primeiro pagamento polo 50% do importe total, en concepto de pago anticipado, efectuarase por transferencia bancaria á conta corrente número 2080.0100.01.0000092044 domiciliada en CAIXANOVA, da que é titular a ENTIDADE, antes do inicio do festival. Este pagamento anticipado á entidade farase co fin de que esta poida facer fronte a unha serie de gastos que debe atender de forma previa á realización do festival, relativos á organización do evento (reservas de actuacións das agrupacións participantes, hoteis, desprazamentos das agrupacións, dietas, etc.), sendo necesario facer este pago a través da conta habilitada co fin de axilizalo, toda a vez que estes gastos ou ben non se poden pospoñer ou ben non é posíbel acadar as facturas necesarias ata o día das actuacións.*

*2. Un segundo e derradeiro pagamento polo 50% restante, que se efectuará por transferencia bancaria á mencionada conta, tras a xustificación das axudas.*

*Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.*

*A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.*

*Sexto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.*

*Sétimo.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a incorporación do logotipo da Concellería de Cultura e Animación Sociocultural e da imaxe corporativa do evento en todos os soportes publicitarios que edite.*

*Oitavo.- A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de Galicia 9/2007.*

*Noveno.- A beneficiaria, no prazo de quince días a contar desde o remate da actividade subvencionada deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar:*

*a) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación dos espectáculos folclóricos celebrados, datos de participación e asistentes individualizados por evento e por cómputo global, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.*

*b) Memoria económica xustificativa do custo final das actividades realizadas, que incorporará:*

*- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.*

*- Conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada. A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de todos os xustificantes de pago dos gastos incorridos.*

*- As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se*

*admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención. Se a beneficiaria solicitase a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.*

*Décimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei de Galicia 9/2007.*

*Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no exercicio económico do convenio.*

*A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 30.000 euros por execución de obra ou 12.000 euros no caso de subministracións ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.*

*Décimo segundo.- A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a súa axeitada xustificación serán comprobados polos servizos da Concellería de Animación Sociocultural. O xefe do servizo de Animación Sociocultural emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.*

*Décimo terceiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Animación Sociocultural e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

*Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.*

*Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.*

*Décimo quinto.- Os espectáculos folclóricos que se desenvolverán en cada barrio serán destinados ó público en xeral, e o acceso ós mesmos será público e gratuíto; o número de asistentes limitarase á capacidade do recinto onde se celebren.*

*Décimo sexto.- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego, e terá que ser revisada polo servizo de normalización lingüística do Concello de Vigo. En toda a información figurarán os logotipos da Concellería de Cultura e Animación sociocultural, da Tenencia de Alcaldía e da entidade beneficiaria, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa da Concellería de Animación sociocultural do Concello de Vigo e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.*

*Décimo sétimo.- O mecanismo de seguimento da execución deste convenio estabelécese en base ás memorias e informes que presenten as entidades asinantes e á presenza do persoal técnico da Concellaría de Animación Sociocultural nos propios espectáculos folclóricos programados.*

*Décimo oitavo.- O presente convenio terá vixencia anual a contar dende a data da súa sinatura.*

*De non existir denuncia expresa previa do mesmo no prazo do mes anterior á súa finalización, poderase prorrogar a vixencia por períodos anuais naturais, previa solicitude de prórroga da entidade, no cal se recollerán as novas accións a desenvolver, así como as posíbeis actualizacións das contías económicas que se achegan.*

*En todo caso, a vixencia do convenio non excederá do prazo máximo de catro anos.*

*Décimo noveno.- O concelleiro de Animación Sociocultural queda facultado para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento.*

*Vixésimo.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.*

*Vixésimo primeiro.- A beneficiaria está informada de que que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.*

*Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Animación Sociocultural.*

*A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Animación Sociocultural do Concello de Vigo.*

*Vixésimo segundo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, no lugar e na data que se indican.*

*BASES DE SOLICITUDES DE ACTUACIÓNS DO FESTIVAL FOLCLÓRICO INTERNACIONAL*

*1. A Concellaría de Cultura e Animación Sociocultural está a programar o Festival Folclórico Internacional, creado co obxecto de fomentar, promocionar e achegar o folclore popular a todas e todos os veciños do termo municipal.*

*Por este motivo, ofértase un espectáculo folclórico ós escenarios ou recintos de actuación cuxas datas de realización e número de escenarios ou recintos de actuación recóllense na correspondente convocatoria anual.*

*2. Poderán inscribirse todas aquelas entidades ou asociacións de carácter sociocultural e veciñal de Vigo que estean interesadas en acoller un destes espectáculos.*

*3. A solicitude de inscrición realizarase en impreso normalizado no Rexistro Xeral do Concello de Vigo no prazo que se recolla na correspondente convocatoria anual.*

*Como criterios de selección estabelécense:*

*a) Orde de inscrición no Rexistro xeral do Concello de Vigo;*

*b) Orde de preferencia seguindo as seguintes pautas:*

*- Aqueles ámbitos parroquiais tradicionais, ou no seu defecto barrios da cidade, que aínda non teñan recibido ningunha actuación en edicións anteriores do Festival.*

*- Aqueles ámbitos parroquiais tradicionais, ou no seu defecto barrios da cidade, que leven máis tempo sen recibir actuacións.*

*Aquelas solicitudes realizadas antes ou despois do prazo estipulado na correspondente convocatoria non serán admitidas, calquera que fose a causa.*

*Así mesmo, de haber dúas ou máis solicitudes de entidades pertencentes a un mesmo barrio ou zonas xeográficas consideradas pola organización como próximas, realizaríase un sorteo previo entre elas para decidir os lugares de actuación.*

*4. En ningún caso, o espectáculo folclórico ofertado polo Concello de Vigo poderá coincidir na mesma data e recinto con outro festival, espectáculo ou actividade organizada pola mesma entidade ou asociación beneficiaria; A entidade receptora deberá publicitar o evento facendo mención expresa ós organizadores, figurando a entidade receptora como colaboradora.*

*5. As condicións que imprescindibelmente deberá reunir o recinto de actuación de cada entidade ou asociación serán as seguintes:*

*a) Escenario: completamente liso e cunhas dimensións mínimas de 10 m de longo x 10 m. de largo x 1 m. de alto.*

*b) Conexión eléctrica (xerador ou enganche oficial) cunha potencia mínima de 100.000 "watios".*

*c) Cadeiras necesarias segundo a súa capacidade. Neste apartado hai que subliñar que dende a Concellaría de Animación sociocultural xa non existe o préstamo de cadeiras.*

*d) Camerinos próximos ao escenario, convenientemente equipados e cunha capacidade mínima para 30 persoas cada un deles. Os camerinos deberán estar en perfecto estado de hixiene e contar con auga potábel, perchas, espellos e cadeiras.*

*e) Presentador/a do acto.*

*No caso de que algúns dos elementos citados anteriormente non existan no recinto e vaian ser xestionados pola entidade ou asociación posteriormente á realización da inscrición (palco, camerinos eventuais, enganche oficial ou xerador...), deberán sinalalo no apartado de "Observacións" do impreso de solicitude, con indicación da xestión que vaian realizar para tal efecto ( por exemplo: solicitude do enganche oficial, alugueiro de escenario ou camerinos eventuais, etc.). A presentación da solicitude de participación supón o compromiso da entidade de cumprir con todas estas necesidades e requisitos.*

*6. Membros da comisión organizadora do festival visitarán os recintos propostos polas entidades beneficiarias, co obxecto de valorar a súa viabilidade para albergar o espectáculo folclórico e poderán proporlle á Concellaría de Cultura e Animación sociocultural a desestimación daqueles que non cumpran as necesidades mínimas recomendábeis. Neste caso, tras a resolución do concelleiro, o festival pasaría á seguinte entidade solicitante conforme os criterios da cláusula terceira destas bases.*

*7. O Concello de Vigo achegaralles a cada unha das entidades ou asociacións beneficiarias os seguintes elementos:*

*a) Equipo de luz e son necesarios para o bo desenvolvemento do festival.*

*b) Tres grupos folclóricos.*

*c) Elementos publicitarios (carteis e programas de man) sobre o festival, cunha antelación mínima de quince días á data de realización do espectáculo.*

*d) Todo o concernente á organización xeral do festival folclórico.*

*8. A entidade ou asociación beneficiaria nomeará unha persoa representante que actuará como única interlocutora válida ante a Concellaría de Animación sociocultural e a comisión organizadora do festival, o que se indicará na propia solicitude de inscrición.*

*9. A hora de comezo de todos os festivais será a que se determine na correspondente convocatoria anual, salvo que a comisión organizadora determinase o contrario.*

*10. Cada asociación ou entidade beneficiaria poderá incluír no espectáculo ata un máximo de dous grupos de folclore ou música tradicional, que disporán dun tempo máximo de actuación de vinte minutos cada un deles. Este aspecto deberán comunicarllo por escrito á Concellaría de Animación sociocultural 15 (quince) días antes da actuación, coa indicación da denominación dos grupos. En caso contrario, non se permitirá a actuación de ningún grupo a maiores dos achegados pola organización.*

*11. A data de realización de cada un dos espectáculos folclóricos ofertados será determinada pola Concellería de Cultura e Animación sociocultural e pola comisión organizadora do festival, data que se lles comunicaría aos/ás interesados/as cunha antelación mínima de 48 horas. De todos os modos, na solicitude de inscrición cada entidade sinalará a data ou datas que lles resulten máis convenientes.*

*12. Ao remate de cada espectáculo folclórico, o/a representante da entidade beneficiaria, coa colaboración da comisión organizadora, deberá cubrir unha ficha que lle será facilitada e que incluirá datos e incidencias acerca do espectáculo.*

*13. No caso de que algunha das entidades ou asociacións beneficiarias incumprisen algunha das súas obrigas, sobre todo no referente aos apartados cuarto e quinto, o Concello resolverá polos seus propios medios a realización dese espectáculo, e repercutirán os gastos nesa entidade ou asociación, que perderá ademais todo dereito a tomar parte nas dúas seguintes edicións do festival.*

*14. O concelleiro de Animación Sociocultural queda facultado para resolver as posíbeis eventualidades ou controversias que poidan xurdir, e para tomar iniciativas e decisións que contribúan ao bo desenvolvemento deste festival folclórico.*

*CONVOCATORIA ANO 2009- XV FESTIVAL FOLCLÓRICO INTERNACIONAL*

*1. Datas de realización.*

*O XV Festival folclórico internacional terá lugar entre os días 5 e 10 de agosto de 2009.*

*O día 7 de agosto haberá un acto central do festival na praza de Compostela.*

*2. Prazo de presentación para solicitudes de inscrición.*

*Dende o día 8 de xuño ata as 13:30 horas do día 19 de xuño de 2009, ambos inclusive.*

*3. Número máximo de beneficiarios de actuacións.*

*Cinco*

*4. Hora de comezo dos festivais.*

*21:30 horas, excepto o Acto Central (día 7) que empezará as 22:00 horas.*

**6(738).- PROXECTO DE CONVENIO COA ASOCIACIÓN CULTURAL INTERFOLC, CONVOCATORIA E BASES DAS X XORNADAS DE DANZA E MÚSICA TRADICIONAIS GALEGAS. EXPTE. 3095/335.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 30.04.09, o informe de fiscalización do 19.05.09, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Animación Sociocultural, do 30.04.09, conformado polo concelleiro-delegado de Animación Sociocultural, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o Convenio de colaboración, que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a Asociación Cultural Interfolc (CIF G-36.892.271) para a organización das X Xornadas de música e danza tradicionais galegas.

2º.- Aprobar as bases de participación das ditas Xornadas, que figuran como Anexo I ó convenio, e a súa Convocatoria correspondente ó presente ano.

3º.- Facultar ó concelleiro de Animación sociocultural para asinar o convenio.

4º.- Autorizar un gasto por importe de 26.000,00 euros, en concepto do estipulado no convenio, que se aboará á Asociación Cultural Interfolc, con cargo á partida presupostaria 4512.489.0008 (Convenio Interfolc – Xornadas de música e danza tradicionais) do programa presupostario de Animación sociocultural para o exercicio 2009.

5º.- Autorizar o primeiro pagamento anticipado de 13.000,00 euros, a través da conta de habilitación ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL (2080.0000.77.0040277241).

<u>CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DAS "XORNADAS DE DANZA E MÚSICA TRADICIONAIS GALEGAS"</u>

*Na Casa do Concello de Vigo, a ___ de ____________ de dous mil nove*

*REUNIDOS*

*Dunha parte, don Xesús López Carreira, na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 5 de xullo de 2007, sobre delegación de atribucións no Tenente Alcalde e demais Delegados de Área.*

*Doutra, don Emilio Sotelino Domarco, como presidente da Asociación Cultural Interfolc, CIF nº G-36.892.271 e enderezo social en Vigo, na rúa Tomás A. Alonso 29 - 5º esq, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente nº 3095/335.*

*Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio*

*MANIFESTAN*

*I.- Que a entidade Asociación Cultural Interfolc ten entre outros fins, segundo os seus estatutos, os de: difundir o folclore; defender e conservar a difusión da danza autóctona de Galicia; organizar festivais; propagar o nome de Galicia a través das súas danzas e música; o estudo, investigación e arquivo de datos folclórico-culturais.*

*II.- Que o Concello de Vigo vén levando a cabo dende hai anos unha importante labor para potenciar, difundir e apoiar o folclore entre toda a cidadanía, especialmente nos distintos barrios do termo municipal, achegando as tradicións e as culturas doutros países e do resto de comunidades autónomas.*

*III.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, aprobado por acordo plenario de 22 de decembro de 2008, na partida 4512.489.0008, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 26.000,00 euros, a favor da Asociación Cultural Interfolc.*

*IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é a programación, organización e execución das XORNADAS DE DANZA E MÚSICA TRADICIONAIS GALEGAS, que terán lugar entre os días 31 de outubro e 7 de novembro, no Centro Cultural Caixanova.*

*V.- Que a Asociación Cultural Interfolc non está incursa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente nº 3095/335.*

*VI.- Que no ano 1999 as asociacións folclóricas fundadoras da Asociación Cultural Interfolc trasladaron ao Concello de Vigo o seu interese en organizar e recuperar as "Xornadas de danza e música tradicionais galegas", que se viñan realizando na cidade de Santiago de Compostela, baseándose na importancia da nosa cidade no terreo do folclore popular e tendo en conta que aglutina a un elevado número de grupos en constante desenvolvemento.*

*VII.- Que as xornadas veñen tendo lugar dende o ano 1999 con enorme éxito, tanto dende o punto de vista organizativo como de participación de grupos de toda Galicia.*

*VIII.- Que as bases de participación no festival maila convocatoria do exercicio 2009 figuran como anexo ó presente convenio, para seren aprobadas xunto a el.*

*Que en base ás precedentes consideracións e ao interese (social, deportivo, cultural etc.) que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da Asociación Cultural Interfolc, o Concello de Vigo e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito cultural e a concesión da referida subvención en base aos seguintes*

*PACTOS*

*Primeiro.- A Asociación Cultural Interfolc comprométese a colaborar coa Concellería de Animación Sociocultural do Concello de Vigo en canto á programación, organización e execución das XORNADAS DE DANZA E MÚSICA TRADICIONAIS GALEGAS e, concretamente, a:*

*1. Ocuparse de todo o referente á organización, realización e execución das xornadas. Estabelécese a seguinte composición do Comité organizador das Xornadas:*

- *3 membros da Asociación Cultural Interfolc;*
- *1 técnico do servizo de Animación sociocultural do Concello de Vigo.*

*Os responsábeis do Comité organizador estarán en permanente contacto con todo o persoal da organización, así como cos membros de Policía Local, Protección Civil e Cruz Vermella. Periodicamente, e previa comunicación cun mínimo dun día de antelación, estableceranse as reunións necesarias co obxecto de estabelecer os criterios organizativos para estes eventos, mediante entrega de información escrita precisa acerca do plan de organización que deberán executar.*

*2. Xestionar directamente todo o referente aos grupos folclóricos participantes nas xornadas, así como da selección das 12 agrupacións de entre todas as solicitudes de inscrición recibidas.*

*3. Contratar ao seu cargo todos os elementos para o desenvolvemento das xornadas: material gráfico (500 carteis, 300 trípticos dos grupos participantes, 4.000 programas de man cos repertorios de actuacións), diplomas e medallas... De todos os modos deberán presentar as probas dos distintos elementos gráficos para obter a conformidade previa do persoal técnico da Concellería de Animación sociocultural antes da súa edición definitiva.*

*4. Comezar as actividades do programa á hora anunciada ao público, comprobar coa antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamentos, e realizar as correccións técnicas que resulten necesarias para o bo desenvolvemento das xornadas.*

*5. Asumir todos os gastos que se deriven da programación, realización e execución das xornadas, incluídos os referentes ao catering para os participantes, gastos de dúas agrupacións invitadas, dereitos de autor e calquera outro necesario para o seu bo desenvolvemento. Así mesmo, serán os únicos responsábeis de realizar os pagamentos ás agrupacións participantes, segundo o estipulado nas bases de inscrición en concepto de premio e de gastos de transporte.*

*6. Obter todos os permisos e autorizacións necesarias para a realización dos espectáculos incluídos neste convenio.*

*7. Presentarlle á Concellaría de Animación Sociocultural a memoria de actuación e a memoria económica conforme o estipulado no pacto décimo deste convenio.*

*8. Cumprir as bases de participación nas Xornadas.*

*En xeral, cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.*

*Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:*

*1. Xestionar a reserva do Centro Cultural Caixanova para a realización das xornadas e do festival inaugural, nas datas indicadas.*

*2.- Conceder directamente á Asociación Cultural Interfolc, unha subvención para a edición 2009 por importe de 26.000,00 euros, co obxecto de coadxuvar ó financiamento da programación, organización e execución das Xornadas de Danza e Música tradicionais galegas. Para edicións posteriores, as achegas do Concello de Vigo subordinaranse á existencia de crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos.*

*O CONCELLO non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.*

*Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.*

*A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.*

*En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.*

*Cuarto.- O pagamento da cantidade estipulada no pacto segundo deste convenio farase segundo o seguinte detalle:*

> *1. Un primeiro pagamento polo 50% do importe total, en concepto de pago anticipado, efectuarase por transferencia bancaria á conta corrente número 2080.0100.01.0000092044 domiciliada en CAIXANOVA, da que é titular a entidade beneficiaria, antes do inicio do festival. Este pagamento anticipado á entidade farase co fin de que esta poida facer fronte a unha serie de gastos que debe atender de forma previa á realización das xornadas, relativos á organización do evento (reservas de actuacións das agrupacións participantes, hoteis, desprazamentos das agrupacións, dietas, etc.), sendo necesario facer este pago a través da conta habilitada co fin de axilizalo, toda a vez que estes gastos ou ben non se poden pospoñer ou ben non é posíbel acadar as facturas necesarias ata o día das actuacións.*
>
> *2. Un segundo e derradeiro pagamento polo 50% restante, que se efectuará por transferencia bancaria á mencionada conta, tras a xustificación das axudas.*

*Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.*

*A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.*

*Sexto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.*

*Sétimo.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a incorporación do logotipo da Concellería de Cultura e Animación Sociocultural e da imaxe corporativa do evento en todos os soportes publicitarios que edite.*

*Oitavo.- Segundo o artigo 15.2.a da Lei de Galicia 9/2007, non será necesaria a publicación da presente subvención.*

*Noveno.- A beneficiaria, no prazo de quince días a contar desde o remate da actividade subvencionada deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar:*

> *a) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación das actuacións celebradas, datos de participación e asistentes individualizados por evento e por cómputo global, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.*
>
> *b) Memoria económica xustificativa do custo final das actividades realizadas, que incorporará:*
>
> > *- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.*

*- Conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada. A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de todos os xustificantes de pago dos gastos incorridos.*

*- As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención. Se a beneficiaria solicitase a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.*

*Décimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei de Galicia 9/2007.*

*Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no exercicio económico do convenio.*

*A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 30.000 euros por execución de obra ou 12.000 euros no caso de subministracións ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.*

*Décimo segundo.- A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a súa axeitada xustificación serán comprobados polos servizos da Concellería de Animación Sociocultural. O xefe do servizo de Animación Sociocultural emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.*

*Décimo terceiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Animación Sociocultural e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

*Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.*

*Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o*

*seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.*

*Décimo quinto.- Os espectáculos incluídos nas xornadas serán destinados ao público en xeral, e o seu acceso será público e gratuíto, limitándose o número de asistentes ao aforo do recinto do Centro Cultural Caixanova, para o que a entidade beneficiaria realizará as oportunas invitacións; a fórmula para o seu reparto decidirase de mutuo acordo.*

*Décimo sexto.- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego, e terá que ser revisada polo servizo de normalización lingüística do Concello de Vigo. En toda a información figurarán os logotipos da Concellería de Cultura e Animación sociocultural, da Tenencia de Alcaldía e da entidade beneficiaria, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa da Concellería de Animación sociocultural do Concello de Vigo e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.*

*Décimo sétimo.- O mecanismo de seguimento da execución deste convenio estabelécese en base ás memorias e informes que presenten as entidades asinantes e á presenza do persoal técnico da Concellaría de Animación Sociocultural nos propios espectáculos folclóricos programados.*

*As xornadas rexeranse polas bases de participación e convocatoria anual que se acompañan como Anexo I do presente convenio.*

*Décimo oitavo.- O presente convenio terá vixencia anual a contar dende a data da súa sinatura.*

*De non existir denuncia expresa previa do mesmo no prazo do mes anterior á súa finalización, poderase prorrogar a vixencia por períodos anuais naturais, previa solicitude de prórroga da entidade, no cal se recollerán as novas accións a desenvolver, así como as posíbeis actualizacións das contías económicas que se achegan.*

*En todo caso, a vixencia do convenio non excederá do prazo máximo de catro anos.*

*Décimo noveno.- O concelleiro de Animación Sociocultural queda facultado para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento.*

*Vixésimo.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.*

*Vixésimo primeiro.- A beneficiaria está informada de que que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.*

*Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Animación Sociocultural.*

*A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Animación Sociocultural do Concello de Vigo.*

*Vixésimo segundo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar no lugar e na data que se indican.*

## *Anexo I: BASES DE PARTICIPACIÓN NAS XORNADAS DE DANZA E MÚSICA TRADICIONAIS GALEGAS*

*1. A Concellaría de Animación Sociocultural do Concello de Vigo organiza, en colaboración coa Asociación Cultural Interfolc as Xornadas de danza e música tradicionais galegas, que terán lugar nas datas e lugares que se especifiquen nas respectivas convocatorias anuais. Haberá igualmente un acto de presentación cuxa data e lugar se indican na convocatoria.*

*2. Nestas xornadas poderán inscribirse todas aquelas agrupacións de danza e música galegas que o desexen e pertenzan a unha entidade legalmente constituída, sen ánimo de lucro. O grupo terá obrigatoriamente un mínimo de cinco parellas mixtas no escenario, e os seus compoñentes deberán ser maiores de 15 anos. Neste sentido o xurado poderá requirir a presentación dalgún documento de identificación de calquera das persoas participantes.*

*3. A solicitude de inscrición realizarase en impreso normalizado no Rexistro Xeral do Concello de Vigo (Praza do Rei, s/n – 36202 VIGO) ou ao fax 986 22 16 66, no prazo que se recolla na correspondente convocatoria anual. O devandito impreso de solicitude poderase conseguir na oficina de Información do Concello de Vigo ou a través da páxina web www.vigo.org.*

*4. O comité organizador das xornadas terá por compoñentes tres membros da Asociación Cultural Interfolk e un técnico do servizo de Animación sociocultural do Concello de Vigo. Este Comité seleccionará entre todas as solicitudes recibidas un total de doce agrupacións. Teranse en conta os seguintes criterios: calidade do grupo, experiencia nacional e internacional, participación noutros certames ou festivais, premios obtidos, número de compoñentes. As datas de actuacións recóllense na respectiva convocatoria anual.*

*5. As agrupacións participantes comporanse necesariamente de corpo de baile e grupo de acompañamento, e vestirán todos eles o traxe tradicional. Ningún bailarín ou grupo de acompañamento poderá tomar parte nas xornadas con máis dunha agrupación; isto sería motivo de descualificación para as agrupacións implicadas.*

*6. Cada agrupación seleccionada bailará en dúas intervencións diferenciadas, cunha duración mínima de 3 (tres) minutos e máxima de 5 (cinco) minutos cada unha delas (o cómputo do tempo de cada peza iniciará cando soe algún instrumento ou voz de canto) e que deberán indicar no impreso de solicitude de inscrición, xunto co seu historial completo e detallado; non poderán ser cambiadas*

*sen consentimento do comité organizador. As agrupacións que se clasifiquen para a fase final deberán cambiar unha das pezas obrigatoriamente.*

*7. A orde de actuación das doce agrupacións seleccionadas decidirase mediante sorteo público (ao que poderá asistir un representante por cada grupo) que se realizará na Casa do Concello na data que indique a correspondente convocatoria.*

*8. O xurado das xornadas será designado polo comité organizador e estará presidido polo concelleiro de Animación sociocultural do Concello de Vigo ou persoa en quen delegue. Como vogais actuarán catro persoas de recoñecido prestixio, relacionadas co mundo da danza e da música tradicionais galegos. Como secretario/a actuará un/unha empregado/a municipal designado/a polo comité organizador, con voz e sen voto.*

*9. O xurado valora de 0 a 10 puntos a cada agrupación e terá como base fundamental os seguintes criterios: calidade artística dos bailaríns, grao de dificultade e autenticidade das danzas interpretadas e do vestiario utilizado, valor interpretativo do grupo de acompañamento. Será motivo de descualificación non axustarse ós prazos de tempo estabelecidos para cada danza na base número 6.*

*10. O veredicto do xurado farase público ao remate da segunda quenda de actuacións, e pasarán á fase final as seis agrupacións que obteñan maior puntuación, que volverán actuar con dúas danzas o día da final seguindo rigorosamente a orde inicial. En caso de empate resolverá o voto de calidade do presidente do xurado.*

*11. Os premios estabelecidos polo comité organizador recóllense na respectiva convocatoria das Xornadas. Estes premios estarán suxeitos á normativa fiscal que sexa de aplicación. O comité organizador aboaraos, mediante transferencia bancaria, nos quince días hábiles seguintes ó final das xornadas, así como os gastos de desprazamento. Co obxecto de realizar estes pagamentos, as agrupacións deberán achegar obrigatoriamente á solicitude de inscrición unha fotocopia compulsada do CIF e unha certificación bancaria.*

*12. O veredicto final do xurado farase público tras a actuación das seis agrupacións finalistas e da correspondente deliberación. A continuación entregaranse os premios.*

*13. O Concello aboaralle a cada agrupación participante de fóra do termo municipal de Vigo a cantidade de 240 euros en concepto de gastos de dietas e desprazamento e 120 euros no caso das agrupacións da cidade. Así mesmo, aboaráselles estas mesmas cantidades aos seis finalistas pola segunda asistencia ao acto final. Os devanditos gastos deberán acreditarse cos correspondentes xustificantes.*

*14. A organización das xornadas declina calquera responsabilidade sobre os posíbeis accidentes ou danos que os participantes poidan sufrir durante a súa participación.*

*15. A mera solicitude de inscrición nas xornadas supón a aceptación plena das presentes bases. Así mesmo, os veredictos do xurado serán inapelábeis.*

*16. O comité organizador e o xurado quedan facultados para resolver as posíbeis controversias ou dúbidas que poidan xurdir na interpretación das presentes bases, así como para tomar iniciativas que contribúan ao bo desenvolvemento das xornadas.*

*17. Os espectáculos incluídos nas xornadas serán destinados ao público en xeral. O acceso ao teatro-sala de concertos Caixanova será publico e gratuíto, limitándose o número de asistentes ao aforo do recinto do Centro Cultural Caixanova para o que se realizarán as oportunas invitación. Cada grupo participante poderá dispoñer de un máximo de 40 invitacións por día de actuación. O resto das invitacións ata completar o aforo (ata un máximo de dúas por persoa e día) recolleranse no vestíbulo do Centro Cultural Caixanova 90 minutos antes do comezo do espectáculo os días de presentación, eliminatorias e final.*

*- LUGAR:* posto de primeiros auxilios situado no areal de Fontaiña.
*- DATAS DE ATENCIÓN:* do 1/07/2009 ata o 31/08/09
*- HORARIO:* De luns a venres de 15:30 h a 20:00 h.
*Fins de semana de 10:30 h a 20:30 h.*

*ANEXO II - RECURSOS QUE APORTA A CRUZ VERMELLA*

*Posto no areal de Samil*

*-MEDIOS HUMANOS:* 4 socorristas
1 conductor
1 D U E
*-MEDIOS MATERIAIS:* Posto fixo, ambulancia e material sanitario.

*Posto no areal do Vao*

*-MEDIOS HUMANOS:* 2 socorristas.
1 conductor – socorrista
*-MEDIOS MATERIAIS:* Posto fixo e material sanitario.

*Posto no areal de Rodas nas illas Cíes*

*-MEDIOS HUMANOS:* 1 médico (meses de xullo e agosto)

*2 socorristas*
*-<u>MEDIOS MATERIAIS:</u> Posto fixo e material  sanitario*

*<u>Posto no areal de Tombo do Gato ( A Fonte)</u>*

*<u>MEDIOS HUMANOS:</u> 2 socorristas*
*-<u>MEDIOS MATERIALES:</u> posto de primeiros auxilios alquilado*
*material sanitario.*

*<u>Posto no areal de Canido</u>*
*-<u>MEDIOS HUMANOS:</u> 2 socorristas.*
*-<u>MEDIOS MATERIAIS:</u> posto de primeiros auxilios alquilado*
*material sanitario.*

*<u>Posto no areal de Argazada ( Samil 2)</u>*

*-<u>MEDIOS HUMANOS:</u> 2 socorristas*
*-<u>MEDIOS MATERIAIS:</u> posto de primeiros auxilios alquilado*
*material sanitario.*

*<u>Posto no areal da Punta (Teis)</u>*

*-<u>MEDIOS HUMANOS:</u> 2 socorristas.*
*-<u>MEDIOS MATERIAIS:</u> posto de primeiros auxilios alquilado*
*material sanitario.*

*<u>Posto no areal de Fontaiña</u>*

*-<u>MEDIOS HUMANOS:</u>  2 socorristas*
*-<u>MEDIOS MATERIALES:</u> posto de primerios auxilios alquilado*
*material sanitario.*

**18(750).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN DE AMAS DE CASA E CONSUMO AGARIMO" PARA O ANO 2009. EXPTE. 3977/320**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 11.05.09, o informe de fiscalización do 25.05.09, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Participación e Atención Cidadá, do 22.04.09, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de convenio de colaboraicón que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a "Asociación de Amas de Casa e Consumo Agarimo" (CIF 36831817).

2º.- Autorizar o gasto de 13.000 € con cargo á partida 4631.4890006 “Convenio Asociación Agarimo”, do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2009.

3º.- Facultar ao Concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá D. Santos Héctor Rodríguez Díaz para asinar o citado convenio.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A “ASOCIACIÓN DE AMAS DE CASA E CONSUMO AGARIMO”

*En Vigo, a _ _ _ _ _ _ _ _ _ de _ _ _ _ _ _ _ _ _ _ _ _ _ de dous mil nove*

*REUNIDOS*

*Dunha parte, o Excmo. Sr. D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n, de Vigo.*

*E doutra Dª Ana Gil Lodeiro en calidade de Presidenta da “Asociación de Amas de Casa e Consumo - Agarimo ”, con CIF: 36821817, e domicilio en Rúa San Xosé, 22 Baixo de Vigo, na representación da mesma, segundo resulta da certificación que figura na documentación do expediente núm. 3977-320.*

*Tendo, daquela os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio*

*MANIFESTAN*

*I.- Que a entidade “Asociación de Amas de Casa e Consumo - AGARIMO”, conforme o establecido nos seus estatutos asume, entre outros, os seguintes fins e actividades:*

- ✔ *Impulsar e defender os intereses das amas de casa e dos consumidores en xeral.*
- ✔ *Fomentar o asociacionismo das persoas.*
- ✔ *Representar aos/as asociados/as ante organismos oficiais ou privados, en defensa dos seus intereses.*
- ✔ *Estudar os problemas que poidan xurdir dentro do seu ámbito de actuación, abrindo os canles necesarios para as posibles solucións dos mesmos.*
- ✔ *Organizar, dentro das súas posibilidades, cantos servizos de asistencia, asesoramento e formación requiran os seus membros.*
- ✔ *Organizar conferencias, coloquios, cursos e outras actividades afíns.*
- ✔ *Difundir as publicacións que sobre os temas da asociación se publiquen polos distintos organismos, etc.*

*II.- Que o Concello de Vigo, dentro das medidas de fomento da educación sanitaria dos consumidores e empresarios en materia de consumo e de hixiene alimentaria, medidas que se complementan co apoio ao asocianismo, asume a tarefa de proporcionar unha sede digna a todas as organizacións sen ánimo de lucro orientadas a educación e formación no ámbito do consumo do termo municipal. Coñecedores da necesidade para esta cidade e os seus veciños da dispoñibilidade dun local social onde realizar as súas actividades, e en consideración ao interese social, público, e económico que provocan as mesmas, as cales redundan no beneficio da cidade, e considerando que a Asociación de Amas de Casa e Consumo “Agarimo” e unha das mais importantes asociacións de consumidores e usuarios de Vigo, xunto coa urxencia e precariedade á que están suxeitos, provoca a excepcionalidade no trámite de falta de publicidade e concorrencia na presente axuda*.

*III.- Que o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 4631.4890006, prevé nominativamente a concesión dunha subvencións por importe de 13.000 € a favor da Asociación de Amas de Casa e Consumo Agarimo.*

*IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedinte, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é regular a cooperación entre as dúas entidades a través do financiamento dos gastos de mantemento da asociación, de xeito que este esforzo permita o fomento e desenvolvemento dun conxunto de accións de carácter organizativo, informativo e educativo, que veñen recollidas no Anexo I que se acompaña.*

*V.- Que a entidade Asociación de Amas de Casa e Consumo Agarimo, non está incursa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de Subvencións de Galicia, atopase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente número 3977-320.*

*VI.- Que en base as precedentes consideracións e ao interese social, cultural, público e económico que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade "Agarimo", o Concello de Vigo e a devandita asociación conveñen a súa colaboración no ámbito sociocomunitario e a concesión da referida subvención en base aos seguintes*

*PACTOS*

*Primeiro.- A entidade "Asociación de Amas de Casa e Consumo Agarimo" comprométese a colaborar coa concellaría de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo para o fomento, promoción, formación e información dirixida aos consumidores e usuarios no fomento de hábitos de consumo e do coñecemento dos seus dereitos e, concretamente, a:*

*Asumir a programación, organización e xestión das diferentes actividades que desenvolven cun carácter estable ao longo do ano.*

*Presentarlle ó Concello o balance anual de xestión e económico, xunto coa memoria final das actividades conveniadas conforme o indicado na cláusula 6ª.*

*Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.*

*Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades conveniadas.*

*Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento puidesen realizar os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a facilitar canta información e documentación se lles solicite.*

*Comunicarlle ao Concello a obtención doutro financiamento que para a mesma finalidade proceda doutra entidade pública ou privada.*

*Darlles ás actividades o maior grao de publicidade, respectando en todo momento a imaxe corporativa do Concello de Vigo.*

*Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.*

*Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:*

- *Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.*
- *Conceder directamente á entidade "Asociación de Amas de Casa e Consumo Agarimo" unha subvención por importe de 13.000,00 € co obxecto de coadxuvar ao financiamento dos gastos de mantemento da asociación.*

*Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou en público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.*

*As entidades beneficiarias deberán comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.*
*En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar o da actividade subvencionada; suposto no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.*

*Cuarto.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.*

*Conforme ao previsto no artigo 42 e ss. do RD 887/2006, neste suposto optase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiara ao ter en conta, tanto o carácter social da actividade subvencionada, coma a traxectoria en anteriores colaboracións coa Asociación Agarimo.*

*Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.*

*Sexto.- A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución das actividades que constitúen o obxecto da subvención.*

*Sétimo.- A entidade beneficiaria debe dar a adecuada publicidade do financiamento municipal nas actividades subvencionadas mediante a inserción do logo do Servizo de Participación Cidadá en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto.*

*Oitavo.- A presente subvención non está suxeita aos requisitos de publicidade recollidos no art. 15 da Lei Galega de Subvencións ao tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa nos orzamentos municipais como se prevé no art. 15.2.a) da citada Lei.*

*Noveno.- Liquidación Final: A entidade beneficiaria entregará no prazo máximo de tres meses desde a finalización do convenio unha memoria final do programa de actividades obxecto deste convenio, onde figurarán como mínimo os datos de participación, a memoria de prensa, un rexistro fotográfico ou audiovisual, e unha conta xustificativa cos xustificantes de gastos ou calquera outro documento de validez xurídica que acredite o cumprimento do obxecto do convenio.*

*As contas xustificativas conterán, con carácter xeral, a seguinte documentación:*

*a)Solicitude de liquidación final.*
*b)Memoria descritiva das actuacións xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, a ser posible, a seguinte información:*

- *Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado*
- *Datas e lugar de celebración.*
- *Colectivo afectado, número de beneficiarios e programación desenvolvida.*
- *Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folla aparte, o programa do curso, horas de formación e a identificación dos participantes e do monitor/a cos seus apelidos e nome, enderezo e número de teléfono.*
- *Actuacións realizadas.*
- *Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.*

*c)Relación numerada correlativamente de todos e cada un dos documentos xustificativos que se presenten, con identificación do acredor, obxecto facturado, importe, data e forma de pago. Nas facturas se computará o gastos acreditados deducido o IVE, salvo que a entidade ou asociación acredite que está exenta de IVE, xa que en ningún caso se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación.*
*d)Facturas ou documentos xustificativos orixinais (posible devolución conforme ao apartado d.1)), polo importe total da subvención outorgada.*

*d.1) Para posibilitar o control da concorrencia de subvencións, todos e cada un dos documentos orixinais que se devolvan ao beneficiario da subvención deberán ser estampillados polo Servizo de Participación Cidadá, mediante un selo existente ao efecto, no que se indica a subvención para cuxa xustificación foron presentados e se o importe do xustificantes imputouse total ou parcialmente á subvención.*

*d.2) Os gastos realizados se acreditarán mediante facturas con todos os seus elementos e en ningún caso se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa.*

*Os elementos que deberán incluírse nunha factura serán os sinalados pola normativa en cada caso aplicable (R.D. 1496/2003) , considerándose imprescindible que recolla o nome ou razón social da empresa que factura e o seu NIF, data de emisión, importe e detalle de cada un dos obxectos ou conceptos facturados, Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) de forma diferenciada, base impoñible, tipo do IVE aplicable e importe total. Si se trata de facturas que conteñan retención de impostos (IRPF) deberá igualmente acreditarse o ingreso da retención.*

*d.4) As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención, aínda que esta cantidade non sexa imputable á subvención a xustificar.*

*e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.*

*f) Declaración xurada do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:*

- *Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.*

*•Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.*

*•Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.*

*•Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 la Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).*

*Décimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a entidade beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.*

*Décimo Primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen ao longo do ano 2009.*

*No suposto de subministración de bens de equipo ou prestación de servizos por empresas de consultaría ou asistencia técnica, a entidade beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten, ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude da subvención.*

*A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, ou, se é o caso, na solicitude da subvención, realizarase de conformidade con criterios de eficiencia e economía, e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.*

*Décimo Segundo.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellaría de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá. O xefe do servizo de Participación e Atención Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.*

*Décimo Terceiro.- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

*Décimo Cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.*

*Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.*

*Décimo quinto.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.*

*Décimo sexto.- A entidade beneficiaria está informada de que que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.*

*Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá.*

*A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo.*

*Décimo sétimo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, _________________ de 2009.*

## *ANEXO I*

## *ACTIVIDADES DA ASOCIACIÓN*

| *DATA* | *ACTIVIDADES* |
|---|---|
| *15/01/09* | *Visita a unha planta de reciclaxe. Asistencia: 25 persoas* |
| *22/01/09* | *Visita a unha planta de reciclaxe. Asistencia: 25 persoas* |
| *10/02/09* | *Charla/Coloquio sobre consumo impartido por técnicos da Consellaría de Pesca da Xunta de Galicia* |
| *24/02/09* | *Visita á conserveira "Palacio de Oriente" en Bueu* |
| *17/03/09* | *Charla de información impartida pola Sra. Bárbara Zungri sobre "Seguros de decesos"* |
| *26/03/09* | *Visita ao Museo ANFACO e Centro Tecnolóxico da Industria Conserveira* |
| *14/04/09* | *Charla/Coloquio baixo o lema "Técnicas de Ventas"* |
| *28/04/09* | *Charla/Coloquio sobre "Saúde Cardiovascular e Hipertensión" por técnicos do* |

| | |
|---|---|
| | *Instituto Flora de Barcelona* |
| *25/09/09* | *Charla informativa sobre alimentación co titre: "Etiquetado do Peixe"* |
| *16/10/09* | *Visita á Central Leiteira "Clesa".* |
| *24/10/09* | *Charla/Coloquio sobre "Ecoloxía Doméstica. Como aforrar auga, luz, etc..."* |
| *02/12/09* | *Charla/Coloquio sobre "¿Como aforrar en tempos de crise?* |
| | |

*•Diariamente xestionamos, no noso local, diferentes dúbidas sobre consumo dos asociados e do público en xeral.*

*•Temos 2 árbitros de consumo que periodicamente asisten á arbitraxes de consumo na Xunta de Galicia.*

**19(751).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN DE PERSONAS SORDAS DE VIGO PARA A PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DUN/DUNHA INTÉRPRETE DE LINGUA DE SIGNOS. EXPTE. 3984/320.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 6.05.09, o informe de fiscalización do 20.05.09, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Participación e Atención Cidadá, do 13.04.09, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de convenio de colaboración que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a "Asociación de Personas Sordas de Vigo" para a prestación dos servizos dun/dunha interprete de lingua de signos.

2º.- Autorizar o gasto de 6000 € con cargo á partida 4631.4890008 "Convenio Asociación de Personas Sordas de Vigo", do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2009.

3º.- Facultar ao Concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá D. Santos Héctor Rodríguez Díaz para asinar o citado convenio.

*CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A "ASOCIACIÓN DE PERSONAS SORDAS DE VIGO"*

*En Vigo, a _ _ _ _ _ _ _ _ de _ _ _ _ _ _ _ _ _ _ _ _ de dous mil nove*

*REUNIDOS*

*Dunha parte, o Excmo. Sr. D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n, de Vigo.*

*E doutra D. Miguel Ángel González Lloves (DNI: 36024981-N), en calidade de Presidente da "Asociación de Personas Sordas de Vigo", con CIF: 36622835, e domicilio en Rúa Romil, 22-24 Baixo, de Vigo, na representación da mesma, segundo resulta da certificación que figura na documentación do expediente núm. 3984-320.*

*Tendo, daquela os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio*

*MANIFESTAN*

*I.- Que a entidade "Asociación de Personas Sordas de Vigo (ASV)", conforme o establecido nos seus estatutos rexese, entre outros, polos seguintes principios:*

- *Respecto á pluralidade e diversidade dos seus asociados a vez que neutralidade e non vinculación a ningunha ideoloxía.*
- *Transversalidade en todas as súas actuacións, tendo en conta a diversidade das persoas xordas ás que dirixe as súas actuacións e as súas necesidades específicas.*
- *Participación igualitaria entre homes e mulleres nos procesos de toma de decisións.*
- *Autonomía, independencia e protagonismo das persoas xordas.*
- *Adhesión aos principios proclamados na Declaración Universal dos Dereitos Humanos, na Convención dos Dereitos da Infancia, nas Declaración e Convencións sobre Dereitos Lingüísticos e nos Convenios, Recomendacións e demais normas que deles derivan.*

*As accións desenvolvidas pola ASV foron evolucionando dende o obxectivo de crear un "punto de encontro" na cidade, ata o momento actual no que se persegue unha real e efectiva participación das persoas xordas na sociedade, mellorando a súa calidade de vida e tentando ofrecer cada vez un maior número de actividades e servizos, o que fai que a necesidade de dotar de máis medios humanos e materiais sexa unha constante reivindicación deste colectivo.*

*II.- Que o Concello de Vigo, coñecedor das actividades que ven realizando a ASV para suplir as necesidades deste colectivo, e en consideración ao seu interese tanto social, público coma económico, e considerando que a ASV é a principal representante deste colectivo, considerase conveniente a concesión da subvención solicitada co obxectivo de establecer un marco de colaboración entre o servizo de Participación e Atención Cidadá e a ASV para que, na realización das súas actividades anuais, poidan contar cun profesional intérprete da lingua de signos que facilite a comunicación directa aos incapacitados auditivos.*

*III.- Que o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 4631.4890008, prevé nominativamente a concesión dunha subvencións por importe de 6.000,00 € a favor da ASV.*

*IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedinte, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é o financiamento e posta a disposición do colectivo de xordos dun intérprete da lingua de signos.*

*V.- Que a entidade ASV non está incursa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de Subvencións de Galicia, atopase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte*

*a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente número 3984-320.*

*VI.- Que en base as precedentes consideracións e ao interese social, cultural, público e económico que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade "ASV", o Concello de Vigo e a devandita "Asociación de Personas Sordas de Vigo" conveñen a súa colaboración no ámbito sociocomunitario e a concesión da referida subvención en base aos seguintes*

*PACTOS*

*Primeiro.- A entidade "Asociación de Personas Sordas de Vigo" comprométese a colaborar coa concellaría de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo en canto a prestación dos servizos dun intérprete da lingua de signos e, concretamente, a:*

a) *Contratar os servizos do profesional intérprete da lingua de signos, organizar e planificar o traballo que vai desempeñar.*
b) *Encargarse de facer os pagos das cantidades correspondentes a terceiros, no que respecta a soldos e seguros, etc., motivadas polas accións emprendidas neste convenio, a tal efecto, a Asociación deberá presentar copias dos documentos acreditativos da cotización á Seguridade Social respecto do persoal dependente da asociación adicado ao cumprimento do obxecto do presente convenio. O Concello de Vigo, en ningún caso, asumirá responsabilidade algunha respecto ao mencionado persoal.*

   *Os servizos a realizar polo profesional intérprete da lingua de signos desenvolveranse conforme as peticións e planificación enviada á "Asociación de Personas Sordas de Vigo". Todas as demandas deberán ser cubertas, na medida do posible, na súa totalidade, sobre todo en canto ao horario se refire.*

   *Nas conferencias, relatorios ou na organización de eventos en coordinación co servizo de Participación e Atención Cidadá, facilitarase o enderezo, o horario e as condicións da sala, a situación do intérprete e os descansos periódicos (de 5 a 10 minutos por cada 30 minutos de interpretación realizada), atendendo sempre as peticións formuladas polo profesional intérprete da lingua de signos para favorecer a recepción e a calidade da mensaxe, e ademais facilitarase sempre que foxe posible, e como mínimo cunha semana de antelación, un resumo ou copia do relatorio a impartir.*

   *O horario de prestación de servizos será tan flexible coma sexa posible, instaurándose a realización de corenta horas semanais organizándoas dende a "Asociación de Personas Sordas de Vigo" conforme a planificación presentada.*

   *O código deontolóxico da profesión de intérprete de lingua de signos garante a confidencialidade, a fidelidade na comunicación e a obxectividade do seu traballo. As condicións nas que se desenvolverán os servizos deben ser claras e explícitas, coñecidas e aceptadas por ambas as partes.*

   *O servizo será totalmente gratuíto.*
c) *Facilitar a inspección, control, etc., de persoal técnico da Área de Participación Cidadá do Concello de Vigo.*
d) *Presentar ao Concello no prazo máximo de tres meses desde a finalización do convenio, informes do desenvolvemento da actividade e un informe de avaliación final completo, no que se incluirá unha conta xustificativa cos xustificantes de gastos ou calquera outro documento de validez xurídica que acredite o cumprimento do obxecto do convenio.*

*e) Participar nas xuntanzas de coordinación marcadas e a petición do persoal da Área de Participación cidadá.*

*f) En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as entidades beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.*

*Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:*

- *Artellar os medios técnicos para a orientación, supervisión e avaliación das actividades.*
- *Conceder directamente á entidade "Asociación de Personas Sordas de Vigo" unha subvención por importe de 6.000,00 € co obxecto de coadxuvar ao financiamento dun profesional intérprete da lingua de signos.*

*Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou en público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.*

*As entidades beneficiarias deberán comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.*

*En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar o da actividade subvencionada; suposto no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.*

*Cuarto.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.*

*Conforme ao previsto no artigo 42 e ss. do RD 887/2006, neste suposto optase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiara ao ter en conta, tanto o carácter social da actividade subvencionada, coma a traxectoria en anteriores colaboracións coa ASV.*

*Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.*
*A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.*

*Sexto.- A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución das actividades que constitúen o obxecto da subvención.*

*Sétimo.- A entidade beneficiaria debe dar a adecuada publicidade do financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inserción do logo do Servizo de Participación Cidadá en todo o material divulgativo que se publique ao respecto.*

*<u>Oitavo</u>.- A presente subvención non está suxeita aos requisitos de publicidade recollidos no art. 15 da Lei Galega de Subvencións ao tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa nos orzamentos municipais como se prevé no art. 15.2.a) da citada Lei.*

*<u>Noveno.</u>- Liquidación Final: A entidade beneficiaria entregará no prazo máximo de tres meses desde a finalización do convenio unha memoria final do programa de actividades obxecto deste convenio, onde figurarán como mínimo os datos de participación, a memoria de prensa, un rexistro fotográfico ou audiovisual, e unha conta xustificativa cos xustificantes de gastos ou calquera outro documento de validez xurídica que acredite o cumprimento do obxecto do convenio.*
*As contas xustificativas conterán, con carácter xeral, a seguinte documentación:*

a) *Solicitude de liquidación final.*
b) *Memoria descritiva das actuacións xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, a ser posible, a seguinte información:*
    - *Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado*
    - *Datas e lugar de celebración.*
    - *Colectivo afectado, número de beneficiarios e programación desenvolvida.*
    - *Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folla aparte, o programa do curso, horas de formación e a identificación dos participantes e do monitor/a cos seus apelidos e nome, enderezo e número de teléfono.*
    - *Actuacións realizadas.*
    - *Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.*
c) *Relación numerada correlativamente de todos e cada un dos documentos xustificativos que se presenten, con identificación do acredor, obxecto facturado, importe, data e forma de pago. Nas facturas se computará o gastos acreditados deducido o IVE, salvo que a entidade ou asociación acredite que está exenta de IVE, xa que en ningún caso se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación.*
d) *Facturas ou documentos xustificativos orixinais (posible devolución conforme ao apartado d.1)), polo importe total da subvención outorgada.*

    *d.1) Para posibilitar o control da concorrencia de subvencións, todos e cada un dos documentos orixinais que se devolvan ao beneficiario da subvención deberán ser estampillados polo Servizo de Participación Cidadá, mediante un selo existente ao efecto, no que se indica a subvención para cuxa xustificación foron presentados e se o importe do xustificantes imputouse total ou parcialmente á subvención.*

    *d.2) Os gastos realizados se acreditarán mediante facturas con todos os seus elementos e en ningún caso se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa.*

    *Os elementos que deberán incluírse nunha factura serán os sinalados pola normativa en cada caso aplicable (R.d 1496/2003) , considerándose imprescindible que recolla o nome ou razón social da empresa que factura e o seu NIF, data de emisión, importe e detalle de cada un dos obxectos ou conceptos facturados, Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) de forma diferenciada, base impoñible, tipo do IVE aplicable e importe total. Si se trata de facturas que conteñan retención de impostos (IRPF) deberá igualmente acreditarse o ingreso da retención.*

    *d.3) Para considerar debidamente acreditados os custes salariais correspondentes a gastos de persoal, deberán acompañarse as nóminas correspondentes asinadas polo perceptor e*

*pagadas, ou extracto bancario no seu caso, así como os xustificantes correspondentes ás cotizacións á Seguridade Social.*

*Igualmente deberá xustificarse a retención e ingreso na Delegación da Axencia Estatal da Administración Tributaria das cantidades correspondentes ao Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF), e iso aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención a xustificar.*

*d.4) As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención, aínda que esta cantidade non sexa imputable á subvención a xustificar.*

*e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.*

*f) Declaración xurada do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:*

- *Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.*
- *Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.*
- *Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.*
- *Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 la Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).*

*Décimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a entidade beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.*

*Décimo Primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen ao longo do ano 2009.*

*Décimo Segundo.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellaría de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá. O xefe do servizo de Participación e Atención Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.*

*Décimo Terceiro.- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

*<u>Décimo Cuarto</u>.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.*

*Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.*

*<u>Décimo quinto.</u>- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.*

*<u>Décimo sexto</u>.- A entidade beneficiaria está informada de que que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.*

*Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá.*

*A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo.*

*<u>Décimo sétimo.</u>- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, _________________ de 2009.*

*<u>ANEXO 1</u>*

*A "Asociación de Personas Sordas de Vigo" achega unha pequena memoria dos servizos prestados polos intérpretes da Lingua de Signos no ano 2008, polos que solicitan formalizar un convenio de colaboración para poder seguir prestando estes servizos ao longo do ano 2009.*
*Así mesmo, presentan a seguinte estimación anual de gastos:*

| TÁBOA SALARIAL 2009<br>INTÉRPRETE LINGUA DE SIGNOS ESPAÑOLA<br>XORNADA COMPLETA | |
|---|---|
| GRUPO DE COTIZACIÓN | 5 |
| SALARIO BASE | 843,74 € |
| PARTE PROPORCIONAL PAGAS EXTRAS | 281,25 € |
| SALARIO BRUTO | 1.124,98 € |
| BASE DE COTIZACIÓN | 1.124,98 € |
| CONTINXENCIAS COMÚNS | 265,50 € |
| FOGASA, ETC. | 84,37 € |
| CNAE | 22,50 € |
| SEGURIDADE SOCIAL DA EMPRESA | 372,37 € |
| COSTE ASOCIACIÓN/MES | 1.497,35 € |
| INDEMNIZACIÓN CONTRATO TEMPORAL | 300,00 € |
| COSTE AÑO CON INDEMNIZACIÓN | 18.268,20 € |
| SALARIO BRUTO ANUAL | 13.499,78 € |
| SEGURIDAD SOCIAL ANUAL | 4.468,43 € |
| CUSTES SALARIAIS TOTAIS | 17.968,20 € |

*Os custes reais do/a intérprete da lingua de signos, durante un ano a media xornada, será para a "Asociación de Sordos de Vigo" de 8.984,10 €.*

*O custe imputable ao Convenio de Colaboración entre o Concello de Vigo e a "Asociación de Personas Sordas de Vigo" para o ano 2009, será o correspondente ao período de contratación real do/a intérprete da lingua de signos, e o custe que subvencionará o Concello de Vigo, en ningún caso, superará o importe conveniado de 6.000 €.*

**20(752).- NOMEAMENTO CON CARÁCTER INTERINO DUNHA PRAZA VACANTE DE OPERADOR DE INFORMÁTICA. EXPTE. 18845/220.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 25.05.09, conformado polo concelleiro da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Nomear con carácter interino para cubrir unha praza vacante de operador de informática ao aspirante proposto polo Órgano de Selección e que superou tódolos exercicios da oposición:

D. FRANCISCO MANUEL ESPIÑEIRA ALVAREZ, con DNI 42.829.873-D, que obtivo unha puntuación total de 19,37 puntos.

O aspirante deberá realiza-lo primeiro curso de galego que se convoque pola Administración Autonómica ou órgano competente, de conformidade co previsto na base III das da convocatoria, o non acadar no terceiro exercicio, proba de coñecemento de idioma galego unha puntuación de 1 punto como mínimo.

**21(753).- CAMPAÑA DE DESRATIZACIÓN ANO 2009 A REALIZAR POLO PERSOAL DO SERVIZO DE DESINFECCIÓN. EXPTE. 19003/220.**

Examinadas as actuaicóns do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 22.05.09, dáse conta do informe-proposta da técnico de Xestión, do 5.05.09, conformado pola xefa da Unidade de Persoal e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

*A iniciativa da Sra. Directora do Laboratorio Municipal coa conformidade da concelleira-delegada da área de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, proponse á Xunta de Goberno Local a aprobación dunha campaña de desratización do termo municipal de Vigo para o presente ano 2009 e que sería acometida directamente polo propio persoal adscrito ó Servicio de Desinfección, coa colaboración de dous oficiais conductores adscritos ó Parque Móbil municipal.*

*Para que a referida actuación poida executarse correctamente, resulta necesaria a realización dunha serie de servicios fora da xornada habitual de traballo, o que ven xustificado non só por razóns de índole técnica, xa que se requiren intervencións continuas, tanto pola noite como nos días festivos, senón tamén pola insuficiente dotación de persoal, que non permitiría a posibilidade de gratificar ditos servicios con descansos compensatorios, sendo por outra banda imposible compatibilizar este traballo extraordinario coas tarefas habituais que demanda constantemente o servicio durante a súa xornada normal.*

*Así mesmo, resulta constatado que a realización deste servicio pola propia Administración, supón un importante aforro fronte a unha contratación administrativa externa.*

*Cumpre salientar que idéntica campaña realizouse entre os meses de maio á agosto do pasado ano cuns resultados altamente satisfactorios.*

*Segundo o informe da Sra. Directora do Laboratorio Municipal o importe total da productividade proposta ascende a 8.456,77 €, cantidade que resulta da actualización co IPC corresponde o pasado ano, do importe aprobado para a campaña do ano 2008.*

*As ímesmo, as vixentes instruccións sobre plantilla e relación de postos de traballo, aprobadas pola Xunta de Goberno Local na sua sesion de data 21 de xaneiro de 2009 (BOP 18 de marzo 2009), pendentes da súa aprobación para o presente exercicio, en concreto a Instrucción 3ª h) establece que*

*“con cargo ó complemento de productividade aboarase a actividade extraordinaria pola realización de campañas de desinfección, desinsectación, etc., do Laboratorio municipal cando por necesidades do servicio fose necesario acometer anualmente algunha actuación extraordinaria fora da xornada normal de traballo, tendente á desinfección, desinsectación ou desratizacion no termo municipal, concederase a instancias da Xefatura do Laboratorio Municipal un complemento de productividade que serva para recompensa-lo esforzo, dedicación e rendemento esixido para a correcta implantación destas medidas conxunturais, polo importe que expresamente dispoña a Xunta de Goberno Local. A percepción desta productividade será incompatible con calquera outra gratificacion ou recargo previsto no acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do Concello de Vigo, para os servizos extraordinarios (festividade, nocturnidade, xornada partida, etc.).*

*Por isto, e previo informe da Intervención Xeral relativo á consignación e fiscalización do gasto, e o previsto no art. 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local e nos arts. 213 a 222 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo de Facendas Locais, así como nas bases de execución dos orzamentos, PROPÓNSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:*

*Primeiro.- Aproba-lo establecemento dunha campaña ordinaria de desratización no termo municipal de Vigo para o ano 2009, a realizar polo propio persoal municipal do servicio de desinfección, co apoio de dos oficiais conductores do Parque Móbil, cunha duración prevista dende o 1 de maio ata 31 de xullo do presente ano.*

*Segundo.- Acordar o outorgamento dun complemento de productividade por un importe global de 8.456,77 € a repartir entre o persoal do Servizo de Desinfección e o do Parque Móbil.*

*A percepción do dito complemento quedará supeditada ó informe da xefatura do Laboratorio municipal no que se acredite a correcta prestación dos servicios extraordinarios que implica o desenvolvemento da campaña, e no que se informe favorablemente a dedicación e rendemento dos traballadores do servicio, non orixinando o seu abono ningún tipo de dereito individual respecto a valoracións de apreciacións correspondentes a sucesivos períodos.*

Acordo
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**22(754).- PRORROGA ACUMULACIÓN TEMPORAL DO POSTO VACANTE DE XEFE DE EQUIPO E ABOAMENTO PRODUCTIVIDADE 2008 A D. JESÚS BASTOS ROMÁN. EXPTE. 57350/250.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 25.05.09, dáse conta do informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 17.03.09, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro de Xestión municipal, que di o seguinte:

*Mediante resolucion de data 28 de xullo de 2008 e ante a situacion descrita no informe de data 13 de novembro de 2007, polo Xefe do Servizo de Vias e obras, conformado pola Concelleira da Area, considerando necesario garanti-lo correcto funcionamento do Servizo e o desenvolvemento e execu-*

*ción das suas actividades, de conformidade co recollido no artigo 73 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007), que preceptúa que as Administracións Públicas poderán asignar ao seu persoal funcións, tarefas ou responsabilidades distintas ás correspondentes ao posto de traballo que desenvolvan, sempre que resulten adecuadas á súa clasificación, grao ou categoría, cando as necesidades do servizo así o xustifiquen e sen merma das retribucións, encomendouse ao abeiro do disposto no artigo 73 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, as funcións correspondentes ao posto vacante de Xefe de equipo de Oficios (posto 184) adscrito ao Servizo de Vias e Obras ao empregado municipal D Jesus Bastos Roman con n de persoal 17360, oficial pavimentador do Concello de Vigo, adscrita ao servizo de Vias e obras.*

*Dita encomenda ten carácter provisional ata o 31 de decembro de 2008, e realízase sen prexuízo das funcións inherentes ao seu posto de traballo de oficial de oficios,l contidas na Guía de Funcións dos Postos de Traballo do Concello de Vigo plenariamente aprobada.*

*Na devandita resolucion sinalase que a atribución temporal de funcións exercerase nos termos e condicións do previsto no artigo 66 do Real Decreto 364/95, do 10 de marzo, do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos funcionarios civiles da Administración Xeral do Estado, e o funcionario percibirá as retribucións correspondentes ao seu posto de traballo de oficial de oficios, sen prexuízo das indemnizacións por razón do servizo ás que poida ter dereito en cada caso, ou aos devengos retributivos regulamentariamente recoñecidos polas vixentes Instruccións de Plantilla, aprobadas pola Xunta de Goberno Local en data 31/05/2005.*

*En data 2 de xaneiro de 2009, o Enxeñeiro XEfe de Vias e Obras, co conforme da concelleira delegada da Area, solicita o aboamento a D Jesus Bastos Roman, oficial pavimentador, con n de persoal 17360 do complemento de productvidade correspondente as diferencias retributivas existentes entre o posto de oficial paviemntador ao cal esta adscrito o devandito funcionario e o posto de xefe de equipos de oficios, funcions encomendadas pola resolucion anteriormente citada de data 28 de xullo de 2008.*

*As instruccións de plantilla recollen no seu apartado terceiro b) que, con cargo ao complemento de productividade se retribuirá:*

*“O especial rendemento derivado do desempeño dun posto de categoría superior, por ausencia de su titular con dereito a seguir percibindo as súas retribucións, sempre que a súa duración sexa superior a un mes polo importe da diferencia de nivel de complemento de destino e complemento específico entre os dous postos. A estos efectos as vacacións consideraranse sempre como dun mes, independientemente da súa duración.*

*Tamén deberá ser autorizado expresamente pola Alcaldía, a proposta motivada e xustificada do Xefe do Servizo co conforme do Concelleiro/a delegado/a da Area.*

*O xefe do Servicio deberá dar conta á Unidade de Persoal da finalización da substitución no mesmo día no que se produza.”*

*As retribucions dos postos no ano 2008, no que respecta aos complementos de destino e especificos , son as que siguen:*

| | imp_cdes | des_mes | imp_cesp | esp_mes |
|---|---|---|---|---|
| OFICIAL PAVIMENTADOR | 5.040,28 € | 360,02 € | 8.658,30 € | 618,45 € |
| XEFE EQUIPO OFICIOS | 5.362,98 € | 383,07 € | 8.658,30 € | 618,45 € |
| diferencia mensual | | 23,05 € | | 0,00 € |

*Tendo en conta que as encomendas de funcións non ten carácter retroactivo a efectos do aboamento do complemento de productividade, surtindo efectos económicos e administrativos dende a data do acto administrativo que así o autorice, que no caso que nos ocupa é de data 28 de xullo de 2008. Así mesmo o empregado municipal D Jesus Bastos Roman, disfrutou do seu período vacacional do 4 ao 9 de agosto e do 15 ao 19 de setembro de 2008 e non tivo ningunha baixa por IT no período comprendido entre o 28 de xullo e o 31 de decembro de 2008, pólo que a cantidade que corresponderia aboar supon un total de 62,36 €.*

*En canto ao punto dous do escrito do Enxeñeiro xefe de Vias e obras, no que se solicita a prorroga da encomenda de funcions de xefe de equipo, realizada a D Jesus Bastos Roman , informase que ainda sigue a estar vacante o posto de xefe de equipo do servizo de vias e obras, pólo que mentras persista dita situacion e descoñecendo si existe a intencion de cubrir de xeito inmediato dito posto por algun dos mecanismos legais previstos, considerase deberia realizarse una nova encomenda de funcions mentras se manteña a situacion presente. O importe economico de dita encomenda, no caso de prolongarse ata o 31 de decembro de 2009, suporia un total anual (12 meses) de 332,38 €*

*Vistos os feitos precedentes e previo informe da Intervencion Xeral <u>proponse á Xunta de Goberno Local:</u>*

- *O aboamento ao empregado municipal D Jesus Bastos Roman, dun complemento de productividade correspondente ao período comprendido entre o 28 de xullo e o 31 de decembro de 2008, por importe de 62.35 €. polos cometidos extraordinarios que ven desempeñando segundo Resolucion do Concelleiro delegado de Xestion Municipal de data 28 de xullo de 2008.*

- *Autorizar a acumulación temporal do posto de traballo vacante de xefe de equipo de vias e obras no Servizo de Vias e Obras á funcionario D, Jesus Bastos Roman con n de persoal 17360, oficial pavimentador do Concello de Vigo, adscrita ao servizo de Vias e obras, establecéndose a sua duración ata que dita praza sexa cuberta nalgunha das formas legalmente establecidas ou como maximo ata o remate do actual exercicio orzamentario (31 de decembro de 2009).*

*Dita atribución temporal de funcións exercerase nos termos e condicións do previsto no artigo 66 do Real Decreto 364/95, do 10 de marzo, do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos funcionarios civiles da Administración Xeral do Estado, e o empregado municipal citado continuará percibindo as retribucións correspondentes ao seu posto de traballo de oficial pavimentador, sen prexuízo das indemnizacións por razón do servizo ás que poida ter dereito en cada caso, ou aos devengos retributivos regulamentariamente recoñecidos polas vixentes Instruccións de Plantilla, aprobadas pola Xunta de Goberno Local en data 21/01/2009.*

<u>Acordo</u>
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no pecedente informe.

**23(755).- ECOMENDA DE FUNCIÓNS A Dª CAROLINA VICENTE, PRIMEIRO TRIMESTRE ANO 2009. EXPTE. 18989/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 21.05.09, dáse conta do informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 27.04.09, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro de Xestión Municipal que di o seguinte:

*Mediante resolucion de data 1 de xullo de 2008, o Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal resolveu encomendar, ao abeiro do disposto no artigo 73 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, funcións de colaboracion e apoio administrativo ao Técnico de Intervención D. Javier Muradas Blanco, á funcionaria municipal Dª Carolina Vicente Rodriguez, con nº de persoal 22.119, auxiliar de admón. xeral adscrita á Intervencion Xeral.*

*A devandita encomenda ten carácter provisional ata a cobertura dos postos de persoal administrativo vacantes actualmente na Intervención Xeral ou ata a unha organización do traballo do servizo de xeito diferente ao actual, e realízase sen prexuízo das funcións inherentes ao seu posto de traballo de auxiliar de admón. Xeral contidas na Guía de Funcións dos Postos de Traballo do Concello de Vigo plenariamente aprobada.*

*Baséase dita encomenda na petición de data 22 de febreiro de 2008 do Técnico de Intervención, co conforme do Interventor Xeral, de que se lle encomenden provisionalmente a funcionaria Dª Carolina Vicente Rodriguez, auxiliar administrativa de admón xeral, funcións de colaboracion e apoio administrativo ao citado funcionario D. Javier Muradas Blanco, responsable da xestión do Capítulo I do orzamento , xa que éste, ata o mes de marzo de 2005, contaba co apoio administrativo de persoal auxiliar. Asimesmo, ata o mes de setembro do 2007 -data na que foi trasladado a outro servizo- outro dos técnicos de xestión do Concello colaboraba na tramitación dos expedientes relacionados co Capítulo I.; igualmente, faise mención á necesidade de garanti-lo correcto funcionamento da Intervención Xeral, e dado que o breve prazo de tempo do que se dispón para a tramitación dos expedientes que afectan ao Capítulo I, debido a que requiren da participación de distintos servizos municipais antes da sua inclusión na nomina do persoal municipal.*

*A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 29 de setembro de 2008, acordou (EXPTE. 18407/220) recoñecer a funcionaria Dª Carolina Vicente Rodriguez, auxiliar administrativa adscrita a Intervención Xeral e nº de persoal 22119, un complemento de productividade anual por importe de 2,800.00 € a devengar trimestralmente polos cometidos extraordinarios que ven desempeñando segundo Resolucion do Concelleiro delegado de Xestion Muniicipal, de data 1 de xullo de 2008, previo informe acreditativo do servizo.*

*Recíbese na Unidade de Persoal en data 24 de abril de 2009, informe do Técnico de Intervención co conforme do Interventor xeral de data 21 de abril de 2009, no que se informa que a funcionaria Dª Carolina Vicente Rodriguez desempeñou de xeito satisfactorio durante o periodo comprendido entre o 1 de xaneiro ao 31 de marzo de 2009 (1º Trimestre) as funcions administrativas opbxecto da encomenda , polo que procederia o aboamento da cantidade de 700€ correspondentes.*

*Tendo en conta o recollido no art. 25 da Ley 30/84, o arti. 28 da Ley 2/2008, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 2009, así como o art. 5 do R.D. 861/86 definen a productividade como unha retribución complementaria non fixa nin periódica, establecida en función do especial rendemento, a actividade e dedicación extraordinaria e o interés e iniciativa con que o funcionario/a*

*desempeñe o seu traballo, esixindo que a súa valoración se faga desde ditos parámetros obxectivos e atendendo tamén os resultados ou obxectivos perseguidos polos correspondientes programas, sen que en ningún caso as cantidades percibidas polo dito concepto en relación cun período determinado, orixinen dereitos individuales respecto de eventuais valoracións o apreciacions para períodos sucesivos.*
*A apreciación da productividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ó mesmo e deberá ponderarse sempre en función do rendemento e dedicación do empregado proposto para a asignación sen que en nengún caso as contías asignadas por dito complemento durante un período de tempo devenguen nengún tipo de dereito individual verbo das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.*

*As cantidades que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demáis funcionarios da Corporación coma dos representantes sindicais.*

*A Intervencion xeral efectuou Reserva de credito nº 16668 en data 30 de marzo de 2009, por importe de 3500,00 €*

*De conformidade co previsto no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, o órgano competente para a adopción de resolución en relación coas retribucións do persoal municipal é a Xunta de Goberno Local, a proposta do Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal sempre que esas retribucións teñan carácter complementario e non sexan fixas nin periódicas a excepción dos grupos nos que sexa competencia do Pleno, como recolle o apartado II a) 15 do Decreto da Alcaldía de data 5 de xullo de 2007, tendo en conta o expresado no informe que precede para o eventual suposto de que a Xunta de Goberno local optase por dar aprobación a asignacion dun complemento de productividade a funcionaria Dª Carolina Vicente Rodriguez, PROPONSE A XUNTA DE GOBERNO LOCAL:*

*Recoñecer a funcionaria Dª Carolina Vicente Rodriguez, auxiliar administrativa adscrita a Intervención Xeral e nº de persoal 22119, un complemento de productividade correspondente ao 1º trimestre do ano 2009 por importe de 700,00 € polos cometidos extraordinarios que ven desempeñando segundo Resolucion do Concelleiro delegado de Xestion Muniicipal, de data 1 de xullo de 2008, acordo da Xunta de Goberno Local de data 29 de setembro de 2008 e informe do tecnico de Intervencion de data 19 de febreiro de 2009, con cargo ao Rc nº 16668 de data 30 de marzo de 2009*

*Dese traslado do presente acordo á interesada, ao Comité de persoal e a Intervención xeral, debendo expoñerse asemade no Taboeiro de Edictos por un prazo de dez días*

*Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa."*

Acordo
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**24(756).- GASTOS DE LOCOMOCIÓN FEBREIRO-MARZO-ABRIL 2009. EXPTE. 19033/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 20.05.09, e de acordo co informe-proposta da técnica de Xestión, do 18.05.09, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e o concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar o gasto por un importe de 10.382,83 € correspondente ás indemnizacions por desprazamento no termo municipal por razóns do servizo do persoal municipal, correspondentes aos servizos Limpeza, Vías e Obras, O.S.P.I.O, Conserxería, Cemiterios, Inspección de Tributos, Igualdade, Museos, Desenvolvemento Local e Emprego, Sanidade, Contratación, O.M.I.C., Participación Cidadá, Parque Móbil, Benestar Social e Mobilidade, Transporte e Seguridade febreiro, marzo e abril de 2009 así como do 1º Trimestre do 2009 con cargo á clasificación económica do orzamento 231.00.00 -Gastos de Locomoción.

| | Servicio | Total |
|---|---|---|
| 4420 | Limpeza | 420,28 € |
| 5110 | OSPIO-Vias e Obras | 3.565,08 € |
| 1210 | Conserxería | 537,51 |
| 4430 | Cemiterios | 70,68 € |
| 6110 | Inspección Tributos | 3.320,25 € |
| 4632 | Igualdade | 67,83 € |
| 4513 | Museos | 29,64 € |
| 3220 | Desenvolvemento Local e Emprego | 7,22 € |
| 4120 | Sanidade | 215,46 € |
| 1216 | Contratación | 112,86 € |
| 4631 | Participación Cidadá | 87,06 € |
| 1212 | Parque Móbil | 435,03 € |
| 3130 | Benestar Social | 26,99 € |
| 2220 | Mobilidade, Transporte e Seguridade | 1.486,94 € |
| TOTAL | | 10.382,83 € |

**25(757).- ACONDICIONAMENTO E MELLORA DA SEGURIDADE VIGAL DA PO-324 DENDE O P.K. 1800 AO P.K. 3369, TRAMO O VAO-CANIDO (T.M. VIGO) EXPTE. 55362/250.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 27.05.09, conformado pola concelleira da Área de Servizos Xerais, que di o seguinte:

*A estrada PO-324 e de titularidade autonómica no seu trazado entre a ponte sobre o rio Lagares na súa desembocadura no extremo oeste da praia de Samil e ao final da Avenida do Arquitecto Gómez Román en Canido.*

*No dito trazado conta con beirarrúas e servizos no tramo comprendido entre a ponte mencionada sobre o río Lagares e a intersección de esta vía co acceso a ponte da illa de Toralla no extremo oeste da praia do O Vao.*

*Sin embargo o tramo comprendido entre esta intersección e o final da Avenida Arquitecto Gómez Román non está debidamente urbanizado presentando carencias de beirarrúas na maior parte do seu trazado, falla de canalizacións para o soterramento de servizos e deficiencias no saneamento.*

*No ánimo de establecer un convenio co Concello de Vigo para a urbanización deste último tramo, a Consellería de Política Territorial Obras públicas e Transportes remitíu copia do borrador do proxecto con memoria e planos de planta, así como copia do anexo 15 no que se refliten os terreos necesarios para a execución das obras.*

*Asímesmo remitíu un escrito condicionando a redacción do convenio a suscribir as seguintes condicións:*

*a) A posta a disposición, por parte do Concello de Vigo, libres de cargas e gravámens de todos os terreos necesarios, co réxime urbanístico adecuado para a execución das obras, así como a reposición de servizos e servidumbres afectadas non incluidas no proxecto.*

*b) A concesión dos correspondentes permisos e autorizacións necesarias para levalas a cabo.*

*c) A obrigación de asumir, unha vez concluidas as obras e tras a comunicación da Consellería, a explotación, matemento e conservación das mesmas e os seus servizos.*

*No anexo nº 15 remitido pola Consellería, anteriormente mencionado reflítense espacios residuais entre as alineacións contempladas no vixente Plan Xeral, ao que se axustan as plantas do proxecto e os peches das parcelas edificadas ou ben as fachadas das edificacións existentes que deberán ser postas a disposición para a execución das obras.*

*Sobre ditos espacios, o actual P.X.O.U. no seu artigo 6.2.5. establece que en parcelas xa edificadas e en ausencia de outra definición de alineación exterior, considérase como tal a líña marcada pola intersección do pechamento da parcela ou da fachada do edificio, no seu caso, co terreo. Asimesmo, dito artígo no seu apartado 2 dí textualmente:*

*"Os espacios residuais ou non, que queden entre a alineación definida e os límites das propiedades privadas non perderán o carácter público".*

*A maior abundamento, os veciños recolleron firmas da maior parte dos propietarios das parcelas ou edificios colindantes con estes terreos no sentido da renuncia a calquer dereito, se o tiveran, sobre o arcén lindante coa súa propiedade.*

*Por todo esto estase en condicións de poder certificar a disponibilidade dos terreos necesarios, para levantar acta de replanteo das obras como o establece o artigo 110 da Ley 30/2007 do 30 de outubro de Contratos das Administracións Públicas.*

*Polo exposto e en orde a cumplimentar o solicitado pola C.P.T.O.P.T., previamente ao establecemento do Convenio, PROPÓNSE A XUNTA DE GOBERNO LOCAL O SEGUINTE ACORDO:*

*Primeiro: poñer a disposición da C.P.T.O.P.T., libres de cargas e gravamens, de todos os terreos necesarios e co réxime urbanístico adecuado, necesarios para a execución das obras de acordo co contemplado no artigo 110 da Ley 30/2007 do 30 de outubro de Contratos das Administracións Públicas.*

*Segundo: Adquirir o compromiso de otorgar os correspondentes permisos e autorizacións necesarias para a execución das obras, cando se soliciten.*

*Terceiro: Aceptar o compromiso de que, unha vez recibidas as obras e tras a correspondente notificación da C.P.T.O.P.T., facerse cargo do mantemento e conservación das obras realizadas e dos seus servizos.*

*Cuarto: Incluir no Convenio a necesaria supervisión e a aprobación polo Concello de Vigo do Proxecto que se redacte.*

Acordo
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**26(758).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A FAVOR DE UTERQÜE ESPAÑA S.A. POR OBRA NA RÚA URZÁIZ 46. EXPTE. 58734/250.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 21.05.09, conformado pola concelleira delegada da Área de Servizos Xerais, que di o seguinte:

*Con data 12/11/2008 autorizouse a UTERQÜE ESPAÑA, S.A.. a ocupación da vía pública cun valo de obra con número de expediente 57021/250, cunha ocupación de 15 $m^2$ na rúa Urzáiz, 46 para a retirada do falso teito do inmoble con licenza 65135/421, constituíndo unha fianza de 3.000 € (tres mil euros), con número de operación 200800060708 de data 12/11/2008.*

*Solicitada a devolución da fianza con data 16/04/2009 e número de documento 90054875 e unha vez rematadas as obras, remítese ao inspector de Vías e Obras para informe.*

*Na inspección realizada, con data 12/05/2009, indícase que o valo de obra foi retirado da vía pública e a efectos da devolución da fianza o pavimento quedou en perfectas condicións.*

*Polo que, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

*Proceder á devolución da fianza de 3.000 € (tres mil euros), a favor de UTERQÜE ESPAÑA, S.A.*

Acordo
A Xunta de Goberno local acorda proceder á devolución da fianza de 3.000 € (tres mil euros), a favor de UTERQÜE ESPAÑA, S.A.

**27(759).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA Á COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DE PORTANET,21 POR OBRAS NA RÚA ALCALDE PORTANET Nº 21. EXPTE. 58723/250.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 27.05.09, conformado pola concelleira delegada da Área de Servizos Xerais, que di o seguinte:

*Vista a solicitude de devolución formulada por C.P. PORTANET 21 , de data 18/05/09, en relación a fianza constituida en data 17/02/2009, para responder dos danos que puderan ocasionarse por execución de obras de reparación de acometida na rúa Alcalde Portanet nº 21, constando copia do mesmo no presente expediente.*

*Visto o informe do Enxeñeiro Técnico de Vías e Obras, de data 26 de maio de 2009, donde reséñase que a zoa quedou en perfectas condicións, e polo que:*

*PROPONSE*

*Proceder a devolución da fianza a COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DE ALCALDE PORTANET Nº 21, constituida na data reseñada, polo importe de 18 EUROS.*

Acordo
A Xunta de Goberno local acorda proceder á devolución da fianza de 18 €, a favor da Comunidade de Propietarios de Alcalde Portanet nº 21.

**28(760).- PLAN DE SEGURIDADE DAS OBRAS DE REPARACIÓN E NIVALACIÓN DE REXISTRO EN CALZADA, EN BEADE, BEMBRIVE, TEIS E CASCO URBANOS (BOUZAS E FREIXO). EXPTE. 58109/250.**
Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 25.05.09, conformado pola concelleira delegada da Área de Servizos Xerais, que di o seguinte:

*Por resolución da Concelleira Delegada da Area de Servizos Xerais de data 25 de marzo de 2009 foron adxudicadas as obras de Reparación e nivelación de rexistros en calzada, en Beade, Bembrive, Teis e Casco Urbano (Bouzas e Freixo) a Tendidos Moncosa, S.A..*

*Por resolución da Concelleira Delegada da Area de Servizos Xerais de data 22 de abril de 2009 foi adxudicada a Climelab, S.L. a coordianción de seguridade e saude de diversas obras entre as que se encontran as de Nivelación e reparación de rexistros en calzada, en Beade, Bembrive, Teis e Casco Urbano (Bouzas e Freixo), (Expte. 58348-250 (CMS)).*

*Con data 20 de maio de 2009 a empresa Tendidos Moncosa, S.A., presenta o Plan de seguridade e saúde das obras (Doc.: 90075947).*

*Con data 21 de maio de 2009 Climelab, S.L., presenta o informe favorable de D. Oscar Pereiro Taibo (Doc.: 90076548).*

*Polo exposto, sométese a consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:*

*Primeiro: Nomear Coordinador de seguridade e saúde na fase de execución das obras de Nivelación e reparación de rexistros en calzada, en Beade, Bembrive, Teis e Casco Urbano (Bouzas e Freixo), a D. Oscar Pereiro Taibo de Climelab, S.L..*

*Segundo: Aprobar o Plan de seguridade e saúde presentado por Tendidos Moncosa, S.A. co informe favorable de D. Oscar Pereiro Taibo.*

*Terceiro: Dar traslado a empresa Tendidos Moncosa, S.A. e ao Coordinador de seguridade e saúde das obras, D. Oscar Pereiro Taibo da aprobación do Plan de seguridade e saúde.*

Acordo
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicions legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

**29(761).- NOMEAMENTO INTERINO DUNHA DIPLOMADA EN TRABALLO SOCIAL. EXPTE. 19047/220.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.
Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 29.05.09, dáse conta do informe-proposta da técnica de Xestión, do 27.05.09, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

*Antecedentes:*

*No Cadro de Persoal Municipal e na Relación de Postos de Traballo correspondente ó presente ano 2009, aprobado polo Pleno da Corporación na súa sesión de 22 de decembro de 2008 e na Xunta de Goberno Local, na súa sesión de 21 de xaneiro de 2009, respectivamente, publicada ésta última no BOP de 18 de marzo pasado, figura vacante, entre outras, unha praza de Diplomado/a en Traballo Social, con posto de igual denominación no Servizo de Benestar Social, que é necesaria cubrir para garanti-lo normal funcionamento do Servizo de Benestar Social, tal e como se reflexa no escrito de data 4 de febreiro de 2009, asinado polo Xefe da referida Area.*

*O concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a través de instrucción de servizo de data 25 de maio actual, autorizou o nomeamento interino da referida praza vacante de diplomada en traballo social dacordo o previsto no artigo 10.1.a) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, dada a carga de traballo orixinada pola entrada en vigor da Lei 39/2006, de 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e a atención a persoas en situación de dependencia.*

*Na derradeira Oferta de Emprego Público convocada por este concello, incluíronse sete prazas de Diplomado/a en Traballo Social, quedando un total de quince aspirantes, que tendo aprobados tódo-*

*los exercicios da oposición non obtiveron praza, segundo previsto no artigo 61.8 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, pero que posteriormente foron nomeadas interinamente por acumulación de tarefas, nalgún caso ou ben renunciaron a posibilidade de se-lo.*

*As aspirantes integrantes da referida lista Dª. Silvia Martínez Guede, DNI 36.1242.885-H, Dª. Paula Gómez Figueiro, DNI 77.000.390-R, Dª. Azucena Malvido Rodríguez, DNI 78.739.579-E, e Dª. Angela García Martín, DNI 07.850.781-F, que figuran nas posicións nºs 1, 2, 3 e 4 da devandita lista, foron nomeadas funcionarias interinas, por acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de abril de 2009, tomando posesión con data 27 de abril seguinte.*

*A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 24 de abril de 2009, modificou o artigo 3 das "Normas Reguladoras do funcionamento das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo", publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, nº 70, do venres 11, en cumprimento do acordado pola Comisión de Seguemento e Interpretación en sesión celebrada o 7 de abril de 2009, engadindo á dita previsión o seguinte parágrafo:*

*"Cando se proceda á provisión con carácter interino dunha praza vacante ao abeiro do disposto no artigo 10.1, apartado a) da Lei 7/2007, do 12 de abril, efectuarase o chamamento á primeira persoal da lista de reserva, incluindo ás que se atopen prestando servizos no Concello de Vigo nalgunha das modalidades contempladas nos apartados b), c) ou d) do citado artigo 10 do EBEP. Asi mesmo, acordouse engadir ao artigo 2 (Dereitos das persoas en listas de reserva) a seguinte previsión:*

*"Nos supostos nos que, por motivos de urxencia e necesidade debidamente xustificados polo Servizo correspondente, resulte necesario recurrir a contratación en réxime laboral temporal de efectivos, poderase recurrir as persoas integrantes das listas de reserva, sempre que o seu perfil se adecúe ás categorías profesionais ofertadas e previa a aceptación expresa e manifestada por escrito dos aspirantes reservistas".*

*En base ó anterior e, os efectos de proceder a cobertura interina da referida praza, (toda vez que as aspirantes que figuran nos postos 5 e 6, Dª. M. Dolores Torres Fernández e Dª. Sofía Mendez Camaño, formalizaron a súa primeira renuncia, ó que implica que as referidas aspirantes pasan a ocupar un lugar no final da lista elaborada), foi requerida a aspirante Dª. Alejandra Fernández Conde, DNI 36.173.583-B, contratada na actualidade en réxime laboral temporal por obra ou servizo determinado, ata o vindeiro día 30 de xuño de 2009, aceptando expresamente, mediante escrito de data 26 de maio de 2009, optar ao referido nomeamento interino, segundo o disposto no art. 10.1 a) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público), ata que se resolva a súa cobertura definitiva a traves das probas selectivas correspondentes a oferta de emprego público correspondente o ano 2009 ou, senón se convocase, na primeira oferta de emprego público que se convoque, nos termos dispostos na lexislación vixente en materia de acceso ao emprego público (Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando todas elas, nesta Unidade de Persoal os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.*

*Fundamentación xurídica*

*Consonte ao artigo 10 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE Nº 89, do venres 13 de abril do 2007) os funcionarios interinos son aqueles que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios de carreira, cando se dé algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo*

*de seis meses, dentro dun periodo de doce meses (apartado d) e, a existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira (apartado a). A selección de funcionarios interinos haberá de realizarse mediante procedementos áxiles, que respetarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.*

*O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza a praza. Dito nomeamento será revocado, ademais de polas causas previstas no artigo 63 do referido Estatuto Básico do Empregado Público, cando finalice a causa que deu lugar o seu nomeamento, dacordo co art. 10 apartado 3, neste caso cando a praza que desempeñe interinamente sexa provista polo procedemento legalmente establecido.*

*O cesamento dos funcionarios interinos producirase cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, ademáis de polas causas consignadas no artigo 63. Aos funcionarios interinos seralles aplicable, en canto sexa adecuado á natureza da súa condición, o réxime xeral dos funcionarios de carreira.*

*Os funcionarios interinos deberán reunir, en todo caso, os requisitos xerais de titulación e as demáis condicións esixidas para participar nas probas de acceso aos correspondentes corpos ou escalas como funcionarios de carreira.*

*Asemade, e segundo o disposto no artigo 23.2 da Lei 2/2008, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2009, non se procederá a contratación temporal nin o nomeamento de funcionarios interinos do artigo 10.1 da Lei 7/2007, salvo en casos excepcionales e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, como é o caso.*

*Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ó corpo ó que pertenza a vacante (posto cód. 81 da RPT vixente, aprobada pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión de 21 de xaneiro de 2009 e publicada no BOP de 18 de marzo de 2009).*

*Asi mesmo, o artigo 10.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedimentos áxiles que respetarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.*

*De conformidade co disposto no apartado "Outras disposicións comúns" das bases xerais publicadas no BOP de 9 de xuño de 2006, e DOGA de 21 de novembro seguinte, referentes á oferta de emprego público do ano 2005, "os candidatos que non tendo superado o proceso selectivo aprobasen tódalas probas da fase de oposición para ingreso nos correspondentes grupos, corpos, escalas, formarán parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados ou contratados como persoal interino ou laboral.*

*Consecuentemente, deben entenderse cumprimentados e darse por respetados os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade na convocatoria para proceder ó nomeamentos propostos en rexime de interinidade, xa que a citada candidata superou os exercicios da oposición para a cobertura de prazas de traballador/a social na derradeira oferta de emprego público convocada por éste concello.*

*Por isto, de conformidade co disposto no artigo 127.1.h, da Lei 7/1985, do 2 de Abril, Reguladora de Bases de Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, o Técnico de Organización que subs-*

*cribe, coa conformidade da xefatura do Servizo de Recursos Humanos, propón á Xunta de Goberno Local, previa informe de fiscalización da Intervención Xeral, a aprobación da seguinte,*

*PROPOSTA:*

*"Primeiro.- Declara-la urxencia para proceder á cobertura interina dunha praza vacante de Diplomado/a en Traballo Social, Escala Administración Especial, Subescala Técnica, Clase; Media, dacordo co artigo 10.1.a), da Lei 7/2007, do 12 de abril (EBEP), xustificada nas necesidades de efectivos do Servizo de Benestar Social contida no escrito de data 22 de maio de 2009.*

*Segundo.- Nomear funcionaria interina con cargo á praza vacante de Diplomado/a en Traballo Social a Dª. Alejandra Fernández Conde, con DNI 36.173.583-B, seguinte aspirante que superou tódolos exercicios do proceso de selección de persoal na derradeira oferta de emprego público convocada por éste Concello.*

*O referido nomeamento farase de conformidade co disposto no artigo 10.1.a) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, extinguíndose automáticamente a condición de funcionaria interina no momento en que se cubra definitivamente a praza á que se adscriba a interesada, previa resolución do procedemento selectivo competitivo e público a incluir na Oferta de Emprego Público correspondente o ano 2009, ou, senón se convocase, na primeira oferta de emprego que se convoque, nos termos dispostos na lexislación vixente en materia de acceso ao emprego público (Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público."*

Acordo
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**30(762).- NOMEAMENTO INTERINO, POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS, DE CUATRO SUBALTERNOS. EXPTE. 19049/220.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 29.05.09, dáse conta do informe-proposta do técnico de Planificación e Organización de Recursos Humanos do 27.05.09, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

*Antecedentes:*

*Con data 23 de marzo de 2009, a Xefa de Subalternos remite oficio manifestando a urxente necesidade de proceder á formalización dunha contratación temporal de catro subalternos/as por mor da situación existente no Servizo pola escasez de efectivos existentes no mesmo para cubrir os servizos nos distintos edificios municipais (Casa do Concello, edificio do Rectorado, etc), debido o incremento de actividades experimentado nos mesmos, agravado polas baixas de enfermidade coas que conta na actualidade e polo inmediato comezo das vacacións anuais do persoal.*

*O concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal, a través de instrucción de servizo de data 26 de maio pasado, prestou confomidade a referida proposta, autorizando o nomeamento interino de catro subalternos/as por acumulación de tarefas.*

*Recentemente tiveron lugar as probas selectivas para a cobertura como funcionarios/as de carreira de sete prazas de Subalternos/as, incluidas na oferta de emprego público correspondente o ano 2005, figurando na acta do tribunal de data 19 de xuño de 2007 a correspondente proposta de nomeamento, praza da que tomaron posesión o 6 de agosto de 2008, tralo seu nomeamento pola Xunta de Goberno Local de 9 de xullo anterior. Na referida proposta do Tribunal cualificador, figura a relación de aspirantes que a efectos do previsto no artigo 61.8 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, tendo superadas todas e cada unha das probas de que constou a oposición, e, de conformidade coas bases xerais da convocatoria pasen a formar parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados/as ou contratadas como persoal interino ou laboral.*

*Seguindo estrictamente a orde da lista a que se refire o parágrafo anterior, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión de 29 de abril de 2008, nomeou interinamente a aspirante que figuraba no posto núm. 7, como alguacil e os aspirantes que figuran entre os postos 8 e 17, ambolosdous inclusive, como subalternos interinos, prazas das que tomaron posesión o 30 de abril seguinte.*

*Asi mesmo, por acordo da Xunta de Goberno Local de 5 de decembro de 2008, foi nomeada funcionaria interina a aspirante que figura no posto nº 18- Vázquez Alvarez, Rosa Teresa, praza da que tomou posesión o 9 de decembro seguinte.*

*Asi mesmo, por acordo da Xunta de Goberno Local de 23 de maio de 2008, foron nomeados/as funcionarios interinos por acumulación de tarefas, entre outros, os aspirantes nºs, 19-Ocampo Cardalda, Alejandro, 25-González Sánchez, Isabel, 27-Amoedo Rodríguez, Surayma Mª., 28-Alonso Jorge, Rocío e 29-Ocampo Carracelas, Vanessa, (toda vez que as que figuraban nos postos 20, 21, 22 e 23, xa estaban contratadas laborais naquela data por acumulación de tarefas, por acordos da Xunta de Goberno Local de datas 3 de decembro de 2007, 14 de xaneiro e 10 de marzo de 2008, e, as que figuran nos postos nºs 24 e 26, contan na actualidade coa condición de funcionarias de carreira da escala de administración xeral, subescala auxiliar.*

*Con posterioridade, por acordo da Xunta de Goberno Local de data 2 de decembro de 2008, foron nomeados funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, entre outros, ós/ás aspirantes nºs 21-Rodríguez Prieto, Silvia, 23-Gil Alonso, Mª. Esther, 30-Pérez Vila, Adolfo, 31-Barciela Cabrera, Mª. Teresa, e, 36-Marín Angulo, Mª. Jesús, (toda vez que as que figuraban nos postos 19, 20, 25, 27 e 28, xa estiveran contratados/as laborais naquela data por acumulación de tarefas, por acordos da Xunta de Goberno Local de datas 3 de decembro de 2007, 14 de xaneiro e 10 de marzo e 23 de maio de 2008, e, as que figuran nos postos nºs 24 e 26, contan na actualidade coa condición de funcionarias de carreira da escala de administración xeral, subescala auxiliar.*

*Asi mesmo, por acordo do Consello da Xerencia de Urbanismo de data 12 de febreiro de 2009, foi nomeada funcionaria de carreira con cargo a praza de subalterna-alguacil, a aspirante que figura na posición nº 20-Crespo Vidal, Rosa Marta, a cal tomou posesión con data 1 de marzo seguinte. De igual xeito, por acordo da Xunta de Goberno Local de data 16 de febreiro de 2009, foi nomeada funcionaria interina da subescala auxiliar Dª. Surayma Mª. Amoedo Rodríguez, tomando posesión da súa praza o pasado 14 de maio de 2009.*

*A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 3 de marzo de 2008, aprobou acordo relativo a aprobación das normas reguladoras do funcionamento das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo.*

*A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 24 de abril de 2009, modificou o artigo 3 das "Normas Reguladoras do funcionamento das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo", publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, nº 70, do venres 11, en cumprimento do acordado pola Comisión de Seguemento e Interpretación en sesión celebrada o 7 de abril de 2009, engadindo á dita previsión o seguinte parágrafo:*

*"Cando se proceda á provisión con carácter interino dunha praza vacante ao abeiro do disposto no artigo 10.1, apartado a) da Lei 7/2007, do 12 de abril, efectuarase o chamamento á primeira persoal da lista de reserva, incluindo ás que se atopen prestando servizos no Concello de Vigo nalgunha das modalidades contempladas nos apartados b), c) ou d) do citado artigo 10 do EBEP. Asi mesmo, acordouse engadir ao artigo 2 (Dereitos das persoas en listas de reserva) a seguinte previsión:*

*"Nos supostos nos que, por motivos de urxencia e necesidade debidamente xustificados polo Servizo correspondente, resulte necesario recurrir a contratación en réxime laboral temporal de efectivos, poderase recurrir as persoas integrantes das listas de reserva, sempre que o seu perfil se adecúe ás categorías profesionais ofertadas e previa a aceptación expresa e manifestada por escrito dos aspirantes reservistas".*

*De conformidade co establecido no artigo 3 das anteriores "normas reguladoras, foron requeridas os/as catro aspirantes da lista de substitucións referida, que se corresponden cos aspirantes nºs 19-Ocampo Cardalda, Alejandro, 25-González Sánchez, Mª. Isabel, 28-Alonso Jorge, Rocío e, 29-Ocampo Carracelas, Vanesa, (toda vez que as que figuran nos postos 21 e 23, xa foron nomeados interinamente por acumulación de tarefas, por acordo da Xunta de Goberno Local de data 2 de decembro do pasado ano, que se achega ó expediente e, a que figura no posto nº 20, xa foi nomeada funcionaria de carreira polo Consello da Xerencia de Urbanismo de data 12 de febreiro de 2009, as aspirantes nºs 24 e 26, contan na actualidade coa condición de funcionarias de carreira da escala de administración xeral, subescala auxiliar e, a aspirante que fgigura no posto 27 tomou posesión como funcionaria interina da subescala auxiliar deste Concello, estos/as aceptaron expresamente, mediante escritos de 27 de maio actual, optar ó referido nomeamento interino por acumulación de tarefas según do disposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Servizo de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.*

*A Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, no artigo 10, apartado 1, establece que son funcionarios interinos os que, por razóns xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionario de carreira, cando se de algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.*

*O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do referido Estatuto Básico do Empregado Público, cando finalice a causa que deu lugar o seu nomeamento, dacordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un plazo máximo de seis meses, dentro dun periodo de doce meses.*

*Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ó corpo ó que pertenza a vacante (posto cód. 155 da RPT vixente).*

*Asi mesmo, o artigo 10.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, establace que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedimientos axiles que respetarán en todo caso os principios de igualdad, mérito, capacidade e publicidade.*

*De conformidade co disposto no apartado "Outras disposicións comúns" das bases xerais publicadas no BOP de 9 de xuño de 2006, e DOGA de 21 de novembro seguinte, referentes á oferta de emprego público do ano 2005, "os candidatos que non tendo superado o proceso selectivo aprobasen tódalas probas da fase de oposición para ingreso nos correspondentes grupos, corpos, escalas, formarán parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados ou contratados como persoal interino ou laboral.*

*Consecuentemente, deben entenderse cumprimentados e darse por respetados os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade na convocatoria para proceder ó nomeamentos propostos en rexime de interinidade, xa que as citadas candidatas superaron os exercicios da oposición para a cobertura de sete prazas de subalterno/a.*

*Asemade, e segundo o disposto no artigo 23.2 da Lei 51/2007, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2008, poderá procederse ao nomeamento de persoal interino para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, como é o caso, sempre e cando non se supere o límite da tasa de reposión de efectivos.*

*Por isto, de conformidade co disposto no artigo 127.1.h, da Lei 7/1985, do 2 de Abril, Reguladora de Bases de Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, a Técnica de Xestión que subscribe, coa conformidade da Xefatura do Servizo de Recursos Humáns, propón á Xunta de Goberno Local, previa informe de fiscalización da Intervención Xeral, a aprobación da seguinte,*

*PROPOSTA:*

*"Primeiro.- Declara-la urxencia para proceder ó nomeamento de catro funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas , como Subalternos/as, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito periodo, xustificada nas necesidades do Servizo de Conserxería contidas no escrito de data 23 de marzo de 2009.*

*Segundo.- Nomear como funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas por un periodo máximo de seis meses, á D. ALEJANDRO OCAMPO CARDALDA, DNI 76.984.626-Z, Dª. ISABEL GONZÁLEZ SANCHEZ, DNI 36.151.568-F, Dª. ROCÍO ALONSO JORGE, DNI 36.115.017-A e, D VANESA OCAMPO CARRACELAS, DNI 36.172.470-W, seguintes aspirantes que superaron tódolos exercicios da oposición na derradeira convocatoria para a provisión de prazas de Subalterno/a, incluidas na Oferta de Emprego Público correspondente o ano 2005, de conformidade coas bases xerais da mesma.*

*Terceiro.- O referido nomeamento farase de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, rematando cando transcurran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos."*

Acordo
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**31(763).- ROGOS E PREGUNTAS.**
Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e dezasete minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.